

## sarria

A ponte Veiguiña quedou partida á metade debido ás enchentes do río. **Pax. 5**

## samos

Revelan que a paisaxe a carón do mosteiro é da Idade de Ferro. **Pax. 15**

## láncara

Pechan a ponte que une Ronfe con Pousadela polo seu mal estado. **Pax. 16**

## triacastela

A iniciativa 'Triacastela Xacobe' acollerá catro paseos guiados a partir de xullo. **Pax. 18**

## paradela

O Concello ofrece tres prazas para exercer de peón de obras. **Pax. 19**

## Necesidades e retos

Os colectivos de Sarria analizan como terán que afrontar este novo ano, que vai estar marcado polas vindeiras eleccións municipais




## O Esmorga Fest celebrárase finalmente

A Deputación dará apoio económico aos organizadores para manter vivo o festival. **Pax. 5**

## O SAT, un equipo profesional e de apoio

É unha prestación gratuíta para nenos de 0 a 6 anos e enfocado ás familias e á súa contorna. **Pax. 6**

## O teu corazón pide Sarria



Nova campaña para incentivar o comercio local no municipio. **Pax. 4**

## Festa de Entroido



Os disfraces chegan a Sarria con 6.050 euros en premios. **Pax. 10**

## Club Pádel Sarria



Falamos con Juan Bautista García, xogador e promotor do Club. **Pax. 23**

## A Deputación reclama axudas ao ecolóxico

Esixen á Xunta que reforce a partida de axudas para os produtores desta liña. **Pax. 21**

**Pack Familia**  
Internet  
Fibra Óptica 600Mbps  
2 liñas móbiles  
chamadas ilimitadas  
24Gb de Datos  
Teléfono Fixo  
Televisión  
**59€**  
coste mensual IVA incluido  
\*Engade mais liñas móbiles desde 6,90€

**Pack Económico**  
Internet  
Fibra Óptica 100Mbps  
1 liña móbil  
chamadas ilimitadas  
24Gb de Datos  
**35€**  
coste mensual IVA incluido  
\*Engade mais liñas móbiles desde 6,90€

**ITS** Internet | telefonía | televisión  
**SARRIA**

**ITS** Internet | telefonía | televisión  
**LEMOS**

**ITS**  
internet | telefonía | televisión  
Teléfono **982 093 000**  
Web **www.its.gal**  
e-mail **info@its.gal**  
WhatsApp **621 202 655**  
Facebook **facebook.com/ITSarria**  
Instagram **@its.comunicacions**



## A FONDO

# Analizamos as demandas dos colectivos

A axuda económica é a necesidade común de todas as asociacións de Sarria, que piden máis orzamento para os seus sectores

As asociacións e agrupacións de Sarria analizan as necesidades e retos que terán que afrontar este novo ano, que vai estar marcado polas vindeiras eleccións municipais do 28 de maio nas que se enfrontarán os candidatos dos diferentes partidos políticos sarriaos para lograr a alcaldía.

Desta maneira, as persoas que conforman a vida social do municipio sarriao, reflexionan nesta reportaxe sobre o que lles piden aos que serán os representantes do pobo en canto á mellora da súa situación como grupo e tamén para a poboación xeral.

### ECONOMÍA

Pola parte que representa aos comerciantes sarriaos, a Asociación de Comerciantes e Empresarios de Sarria explican que o que lle piden aos candidatos ás eleccións de Sarria e, como consecuencia, ao vindeiro alcalde do municipio é máis orzamento e apoio económico.

“De cara a facer campañas comerciais e actividades con comercios da asociación, viríanos ben o apoio económico do Concello”, defenden.

Ademais, comentan, que iso é bo para o funcionamento de ACES, pero tamén para “promover o comercio local” a través de promoción das actividades que se organizan”.



Tamén lles gustaría que o Concello de Sarria estivese máis disposto a colaborar con eles en todas as actividades e campañas que organizan.

E, referíndose ao Esmorga Fest, din que a xente da vila acudía ao centro de Sarria e deixaba diñeiro en establecementos asociados a ACES, polo que a súa retirada do panel de actividades culturais tamén lles afecta indirectamente.

### CULTURA

Desde a Asociación Cultural Meigas e Tragos de Sarria, pídenlle aos candidatos ás eleccións municipais de Sarria e ao futuro alcalde do municipio que apoiem máis ás asociacións sen ánimo de lucro, tanto social

como economicamente.

“Necesitamos que nos axuden da mesma maneira que a todas as asociacións e que colaboren con nós”.

Relatan que o ano pasado celebraron o 50 aniversario da asociación o último sábado de agosto, que coincide coa Noite Meiga, que organizan cada ano. Aínda que os 50 anos cumpríronos en 2020, pero ao coincidir coa pandemia, tiveron que atrasalo. E denuncian que non tiveron o apoio que esperaban nun momento tan importante.

Ademais, critican que, ás veces, hai “amiguismos políticos” que fan que vaia máis diñeiro para algunhas asociacións en detrimento do que lles chega a eles. Por iso, piden “máis obxectividade á hora de repartir os



cartos ás asociacións”, xa que “deberían valorar as actividades propostas en vez de deixarse levar por amizades”.

Ademais, din que “unha sociedade como Meigas e Tragos non se pode manter só coa cota dos socios, que é de 30 euros ao ano”. Así, aproveitan para explicar que “necesitamos subvencións e colaboración económica” porque “damos clases de gaita, pandeireta e baile aos veciños de Sarria a o diñeiro non chega para todo”.

No caso da Asociación Cultural da Rúa da Música, os compoñentes desta agrupación tamén demandan máis investimento para as asociacións de tipo cultural.

“Necesitamos que a xente que chegue ao goberno do Conce-

llo nos apoie e nos dea respaldo económico en eventos que transcendan das actividades que organizamos día a día”, explican. Din que, ao ser unha asociación sen ánimo de lucro, durante o ano funcionan “ben”, xa que organizan actividades para a xente e grazas ás cotas dos socios, poden ofrecer este servizo de maneira gratuíta, pero arriscan diñeiro. “Facemos un servizo público”, defenden.

Así, din que para os eventos máis grandes, como a organización do festival Garitosis: “Necesitamos financiación porque nós, ás veces, non chegamos. Dependemos das persoas que veñan ao festival, que non coincida con outro máis grande... Son cousas cambiantes das que dependemos e debemos ter respaldo

Empresa especializada en traballos verticais



REFORMAS Y LIMPIEZAS

Ramos Loures

Rei Don Garcia 91 Bajo. 27002 Lugo  
659 718 582 (24h) / 665 590 486

info@ramosloures.es / www.ramosloures.es  
rylramosloures

DISPONEMOS DE TÉCNICOS CON ALTA FORMACIÓN Y EXPERIENCIA EN TRABAJOS EN ALTURA Y VERTICALES (SIN ANDAMIOS)

- Limpieza de canalones • Reparacións de bajantes
- Limpieza, pintado e hidrofugado de fachadas e patios de luces
- Traballos confinado e en altura en industria
- Ademais disponemos de servizo de desatascos 24h



económico”.

Por outra banda, din que en Sarria “temos a sorte de que a axenda cultural fana as asociacións e a xente a pé de rúa”, polo que esixen que as actividades que se propoñen, “deberían estar incluídas na axenda cultural do Concello” e piden que “nos apoiemos nas nosas iniciativas e confiemos en nós como club aberto a todo o mundo”.

Para rematar, pediron tamén que haxa unha transparencia nos orzamentos e que se apoiem a todas as asociacións por igual, para así ter unha boa relación entre todas e formar así unha rede de asociacións forte que permita organizar mellor a vida cultural de Sarria.

Desde a Asociación Rebuldeira Teatro requiren ao Concello de Sarria, que lles cede a Casa da Cultura para impartir as clases e representar as súas obras escénicas, que mellore a iluminación, xa que só hai dúas lámpadas que non permiten a boa visibilidade dos artistas.

Por outra banda, gustaríalles que cambiasen a cor do chan, xa que é vermello e iso dificulta a concentración dos representantes das obras e das persoas que asisten como espectadores. “O chan vermello non vale para teatro, debería ser un ton neutro, como o negro”, explican.

Tamén cren que sería axeitado contratar un servizo de limpeza, xa que “cando contratamos grupos para que veñan actuar, temos que estar nós pendentes de que iso estea limpo e traer o material necesario”.

Din que tampouco hai un espazo habilitado para vestiarios e camerinos e “é necesario cando veñen os grupos” e un habitáculo para gardar o material: “Temos un montón de material e non temos onde gardalo”, denuncian, algo que “xa estamos intentando tramitar”.



Se fose posible, gustaríalles que o Concello construíse un auditorio porque “vas a outros concellos máis pequenos e o teñen e nós non”.

Por último, demandan que volvan a impartirse clases de teatro cun profesor, unha actividade que se facía desde o 2010 ata que se suspendeu pola covid-19, “mais xa na nova normalidade ten sentido que volva a impartirse”, defenden.

## DEPORTE

En Sarria hai moitos equipos deportivos que tamén forman parte da vida social e cultural do municipio.

Entre eles, o Club de Baloncesto de Sarria e a Sociedad Deportiva Sarriana son os clubs máis presentes na vida do municipio, xa que o baloncesto e o fútbol son os deportes máis valorados na nosa sociedade.

Porén, nós achegámonos a outros clubs de deporte que non teñen tanta presenza, pero que son igual de importantes.

Desde o club Deperpol que imparte clases de defensa persoal e karate explican que os deportes base non están apoiados polas administracións públicas e por iso hai tempo que decidiron

non pedir subvencións, a pesar de que son necesarias.

“É todo política, só levan subvencións os deportes que están en competicións, os de base quedámonos fóra”, critican.

Ademais, din que desde os partidos políticos “véndese a moto” de que queren apoiar ao deporte base, “que é o inicio para ensinar ao alumnado que quere aprender”, pero “non nos apoian, non teñen sentido as políticas deportivas”, denuncian.

Así, din que os pavillóns só están preparados para deportes como o fútbol e o baloncesto, polo que eles sobreviven a base das cotas dos socios, que permiten a supervivencia do club Deperpol.

Así, piden que “se están vendendo que apoian ao deporte base, que sexa de todos os deportes”. Pola súa parte, dende o club Pádel Sarria, demandan un incremento nas axudas para os clubs deportivos porque coas cotas de socios, “ás veces non chega”.

Este diñeiro, din, valería para axudar no pago das fichas federativas dos xogadores, así como para cubrir algúns dos gastos xerados polas competicións ás que se enfrontan con outros equipos noutros lugares.

“Viríanos ben axuda económica para sufragar gastos como os das



viaxes e tamén con respecto ao material deportivo”, declaran.

## SANIDADE E EDUCACIÓN

Desde o Servizo de Atención Temprá de Sarria -que engloba os concellos de Sarria, Láncara, O Páramo, Paradela, Triacastela, O Incio e Samos- defenden que a colaboración dos axentes políticos “é fundamental tanto para o correcto funcionamento do servizo”.

Tamén explican que á hora da planificación e viabilidade de novas propostas ou melloras no servizo tamén depende da colaboración política.

Por isto, solicitan continuar nesa liña cooperativa, aínda que pi-

den mellorar o servizo a través da colaboración e da coordinación entre todos os axentes involucrados en atención temprá. Ademais, actualmente, as instalacións nas que se desenvolve a actividade do Servizo de Atención Temprá sitúanse nun edificio paralelo e independente ao CPR Plurilingüe Nosa Señora da Asunción, algo que non é o mellor para o desenvolvemento do servizo, como afirman.

Por isto, reclaman: “Gustaríanos que se habilitase un espazo municipal único e exclusivo para a actividade que se desenvolve no SAT para que as nenas e nenos e as familias dispuxesen dun lugar único e exclusivo, un espazo de referencia”, declaran.

## PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros  
**TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34  
27614 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501  
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933  
email: hierrostouron@gmail.com



## Claudio Garrido será candidato á Alcaldía

Camiña Sarria celebrou a súa primeira Asemblea Xeral tras a súa constitución como partido político, na que elixiron a Claudio Garrido como presidente do Comité Executivo e candidato á alcaldía de Sarria nas vindeiras eleccións municipais do 28 de maio.

Tras ser proclamado candidato á Alcaldía, Garrido agradeceu “o apoio e a confianza” dos afiliados e simpatizantes e marcou para o 28 de maio “o obxectivo de ampliar o número de concelleiros para gobernar con maior estabilidade e autonomía”.

O alcalde considera que “tras o traballo realizado nun mandato moi complicado por mor da pandemia e a crise derivada da guerra en Ucraína, Camiña Sarria é a

única opción política cun futuro claro, cun liderazgo sólido e con forza e credibilidade para responder ás necesidades da veciñanza”, afirmou Garrido.

Outros cargos elixidos Nun concorrido acto celebrado no restaurante Mar de Plata, os máis de 75 asistentes asignaron tamén os outros catro cargos con responsabilidade no Comité Executivo: Dolores Camino (vicepresidenta), Isabel Vergara (voceira), José Escudero (tesoureiro) e José Soto (secretario). Dolores Camino exercerá como vicepresidenta do órgano de dirección do partido, que tamén contará con Isabel Vergara (voceira), José Escudero (tesoureiro) e José Soto (secretario).

## A campaña ‘O teu corazón pide Sarria’ impulsa o comercio local

A Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos de Sarria (ACES) – CCU desenvolve ata o 14 de febreiro, Día dos Namorados, a campaña promocional ‘O teu corazón pide Sarria’.

Todos os clientes dos establecementos asociados á asociación que realicen algunha compra no período da promoción, poderán gañar unha cea romántica para dúas persoas. Sortéanse catro ceas para dúas persoas en establecementos de hostalaría asociados (Cafetería El Parisien, Hotel Alfonso IX, Restaurante O Descanso e Restaurante Roma).

O sorteo, no cal se farán públicos



os nomes das persoas premiadas, será o venres 17 de febreiro ás 13.00 horas.

O obxectivo desta campaña é “chegar aos corazóns dos clientes para que continúen amosando o seu apoio aos negocios da vila”.

## O Bloque Nacionalista critica a xestión cultural do Concello

O BNG de Sarria critica a xestión cultural do goberno local do municipio no contexto do Entroido, que compara en contraposición coa xestión que facía Mónica López como concelleira de Cultura. “A xestión cultural é moi inferior, non hai información do que se vai facer”, argumentan, e apuntan a que “se fose pola xestión do goberno local non habería Esmorga Fest”, o que din “provocaría dor na veciñanza”, xa que “todos sentimos como noso ese festival”, defende Efrén Castro.

Ademais, explica que desde as diferentes asociacións de Sarria,



como a Asociación da Rúa da Música e a de Meigas e Tragos Nos, amosan o seu descontento coa administración local e defenden que “en vez de aproveitarse

desa puxanza dos cidadáns, ao concello non está á altura”.

“Hai propostas afianzadas e só hai que dar apoio para facilitar que teñan éxito, pero queren ir con ideas propias e apartar as iniciativas do pobo, o que provoca o desánimo e desapego da política cultural sarriá”, establece.

Así, di que “hai que apoiar economicamente e promocionar os eventos, proporcionar espazos, e que o apoio sexa obxectivo, por exemplo, dar axudas a asociacións mediante concurrencia competitiva”.

## A pista afundida de Vilamaior seguirá cortada ata atopar solución

Debido a que se afundiou unha pista no treito que pasa sobre o rego de Bacelo, entre a igrexa de Santa María de Vilamaior e a estrada provincial LU-P-5709, o alcalde de Sarria, Claudio Garrido, convocará nos vindeiros días unha reunión cos veciños da parroquia de Vilamaior para abordar as posibles solucións técnicas para arraxalala.

Segundo o rexedor, “será complicado buscar unha solución a curto prazo, polo menos mentres siga a chover e corra tanta cantidade de auga, o que obrigará aos veciños a dar un pequeno rodeo”. Tamén explicou que analizarase se é mellor optar por unha solución urxente, aínda que sexa de menor calado, ou por unha obra máis complexa que evite que estas situacións se poidan reproducir no futuro”.



A pista, que permanece cortada ao tráfico e conveniente sinalizada desde o mesmo martes é unha incidencia ocasionada polo temporal, polo que o alcalde pide aos afectados “comprensión e paciencia”.

Por outra parte, o alcalde tamén se desprazou ata o lugar de Río, na pa-

roquia de Maside, para supervisar os traballos de limpeza de cunetas realizados o pasado martes por persoal municipal e que evitaron desde ese día novas inundacións en polo menos tres vivendas da zona que sufrirán anegamentos nos días anteriores.

**maderas grandas**

MADERAS Y DERIVADOS  
PUERTAS  
ARMARIOS  
COCINAS Y COMPLEMENTOS  
TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)  
Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731  
www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

**GALICIA RENOVA**  
electrodomesticos

Renovación de:

- Frigorífico
- Conxelador
- Lavaloza
- Lavadora
- Cociña de indución

**ELECTRONOVA**  
ILUMINACIÓN - ELECTRODOMESTICOS

C/. RÚA NOVA, 56 - 27600 SARRIA (Lugo)  
Tel.: 982 533 648 Mov.: 699 065 864  
electronova@mundo-r.com





## O Esmorga Fest 2023 celebrarase coa axuda da Deputación

Fai unhas semanas que Sarria perdía un dos seus maiores eventos culturais, o Esmorga Fest, por falta de apoio económico. Os responsables declaraban nun comunicado en redes sociais que a cita cultural xa non era viable pola falta de apoios económicos.

A Asociación Rúa da Música amosou o seu apoio aos organizadores do Festival Esmorga, "lamentamos moitísimo a noticia de que deixan de organizar o festival por falta de apoios. É unha mala noticia para Sarria deixar de contar con este evento que tanto enriquecía a cultura musical sarriá".

Explicaron que este evento musical forma parte da rede de asociacións, eventos e iniciativas musicais e culturais que existen en Sarria, promovidas por numerosas persoas que, "por amor á vila e á música, arriscan cada ano en cada evento para que poidamos desfrutar dunha



cultura diversas, aberta e accesible para todos".

Finalmente os organizadores mantiveron unha reunión cos representantes da Deputación, Efrén Castro e Maite Ferreiro, que se comprometeron a darlles apoio económico para levar a cabo unha nova edición do evento.

Así, desde a área de cultura explicaron que "apoio económico é necesario para facer viable unha

nova edición e darlle continuidade a un festival que conta ademais cunha gran implicación e apoio da veciñanza e do tecido asociativo e empresarial de Sarria".

Efrén Castro explicou que "o Esmorga Fest converteuse nestes anos nun festival de referencia na música independente, con público de toda Galicia e do resto do Estado e un recoñecemento unánime da prensa especializada".



## A ponte Veiguiña quedou partida á metade debido ás enchentes do río

O alcalde de Sarria, Claudio Garrido, visitou a ponte Veiguiña Sarria para avaliar os danos ocasionados polo temporal da fin de semana pasada. Os danos na estrutura da ponte, que na práctica limitan o tránsito e supoñen un "risco evidente" para os veciños se corresponden con que a plataforma da ponte está partida á metade debido ás enchentes rexistradas no río Sarria.

Así, o goberno local remitiralle esta semana un escrito á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) solicitando a súa reparación, xa que "ao tratarse dunha ponte situada dentro do dominio público hidráulico, correspóndelle reparala á Confederación Hidrográfica, que é quen ten as competencias para actuar nese ámbito", defendeu Garrido.

## O PP reclama dotar de contido ao portal de transparencia

O portavoz do PP en Sarria, José Manuel Bello, presentou unha iniciativa para mellorar a transparencia do Concello porque non recibiron resposta ás solicitudes feitas respecto dos 116 contratos menores aos que fai referencia a interventora municipal no seu informe sobre control financeiro.

Os populares demandan que se dote de contido real ao portal de transparencia existente na páxina da sede electrónica.

## Efrén Castro di que Sarria "necesita un xiro político porque está descoidado"

O deputado do BNG e representante do grupo municipal defende que "Sarria necesita un xiro político e que o concello non se conforme". Así, piden que Sarria se convirta nun municipio grande no sector da cultura, xa que "os veciños teñen ideas positivas e forza e ás veces temos gobernos acomplexados que se adican a xestionar, pero hai que ter visión mais grande". Di que Sarria é un "pobo descoidado" e que

o goberno ten que "estar na puxanza dos veciños e non ser un lastre", proponendo actividades culturais e deportivas.

Por outra parte, fai alusión á reordenación urbanística, que defende "hai que dotala de zonas verdes máis grandes das que ten" e as que xa existen "hai que darlles un cambio de aspecto". Así, tamén fai fincapé no estado das rúas, que di estar preparadas para os coches. "Hai

que propoñer iniciativas verdes e adaptar a vila aos espazos urbanos: que as rúas sexan para a xente e non para os coches", argumenta e establece que "hai que humanizar os espazos urbanos dotándoos de plataformas urbanas e beirarrúas máis grandes". Di que crear un modelo de vila humanizada é necesario para que "a xente viva máis feliz, como demostran os datos en Pontevedra ou en Lugo".

## O PSOE critica a suba da taxa da auga

O PSOE denunciou a suba da taxa da auga, que suporía aproximadamente un 10% sobre o prezo actual, unha situación que, explican "é unha situación que afectará aos cidadáns". Hai que lembrar que este contrato foi asinado 2007, cando o alcalde era Jose Antonio García, pero defenden que, agora, "non é o momento idóneo para aplicar o devandito incremento pola situación de crise post-pandémica e unha certa perda de poder adquisitivo".

Así, piden que se poñan en marcha todas as medidas posibles.






# Unha boa relación de apoio mútuo

O SAT leva en funcionamento algo máis de ano e medio durante o cal atendeu ás familias de todos os concellos da comarca

O SAT é unha prestación gratuíta para nenos e nenas con idades comprendidas entre os 0 e 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou risco de padecelos, ou ben se dea unha situación de vulnerabilidade.

Este servizo, ademais de ser enfocado a crianzas, tamén está dirixido as súas familias e a súa contorna, xa que, como explican desde o SAT, “o acompañamento familiar é unha premissa básica”.

Actualmente, o equipo profesional está conformado por unha psicóloga, unha logopeda, un mestre psicomotricista e unha pedagoga con formación e/ou experiencia neste eido da atención temperá e desenvolvemento infantil.

Este equipo de profesionais encárgase da acollida, valoración evolutiva (diagnose) e intervención interdisciplinaria dos nenos e nenas de 0 a 6 anos, con trastornos ou situacións vulnerables do desenvolvemento.

A intervención interdisciplinaria consiste en atender ao desenvolvemento psicomotor, cognitivo, da linguaxe e comunicación, autonomía, área social e afectiva, etc. dos nenos.

Tamén prestan apoio emocional, social, informativo e formativo á familia relacionado coa información diagnóstica ou co trastorno do desenvolvemento.

Outra das funcións deste equipo é a de orientar sobre outros apoios económicos, sanitarios, educativos e sociais dos que se poden servir para resolver os problemas do neno e coordinan eses recursos sanitarios, educativos e sociais.

Ademais das múltiples funcións que realizan a nivel particular cos nenos e as familias, tamén se encargan de sensibilizar a contorna comunitaria respecto da comprensión do que lles pasa aos nenos e nenas, para evitar

prexuízos.

O equipo deste servizo di que o trato coas familias é “fabuloso” e que están “moi agradecidos do trato e a confianza que en nós depositan”.

Así, din que se trata “dunha relación de confianza e apoio mútuo” que posibilita “a efectividade do noso labor”, xa que “é primordial a existencia dunha boa alianza terapéutica”.

Tamén o é cos nenos, que van “moi contentos e adoitan desfrutar do tempo compartido cos profesionais, que fan a súa intervención ao redor do lúdico, co cal habitualmente para os nenos é un xogo”, explican desde o SAT de Sarria.

Así, lembran que en Nadal propuxeron unha xuntanza á que convidaron aos nenos, ás súas familias e á contorna máis próxima deles co obxectivo de “ir un paso máis alá no estable-

cemento desa relación de confianza fundamental, buscando a creación dunha rede de apoio interfamiliar”. Defenden que esta iniciativa tivo “moi boa acollida”, polo que a intención do SAT é “continuar creando estes momentos, onde todos e todas nos sentimos escoitadas e entendidas”.

**AS INSTALACIÓNS.** Actualmente, as instalacións nas que se desenvolve a actividade do Servizo de Atención Temperá sitúanse nun edificio paralelo e independente ao CPR Plurilingüe Nosa Señora da Asunción, en Sarria, aínda que tamén prestan o servizo no CEIP San Miguel de Paradelas como excepción para atender a algunhas familias dese municipio. Dispoñen dunha sala de reunións familiares, un lugar onde se realizan



as consultas de acollida e “onde levamos a cabo a entrevista inicial cos familiares, así como calquera outra reunión ou sesión de apoio coas familias”, explican desde o SAT.

Contan cunha sala de psicomotricidade moi ampla e luminosa dotada de materiais específicos como colchóns, bloques e conxuntos de psicomotricidade.

A terceira sala que forma parte das instalacións é unha dedicada á logopedia, á psicoloxía e á pedagogía. Nela, hai mesas de traballo adaptadas para que os profesionais leven a cabo a sesión de apoio co neno. Esta sala está equipada con material preciso específico (material de estimulación oral, material para estimulación cognitiva, xoguetes de diversa tipoloxía, encaixables, taboleiros, novas tecnoloxías...).

Por último, teñen unha sala de traballo para reunións do equipo e aseos adaptados. Ademais destas salas, contan tamén co equipamento preciso para as cuestións administrativas (equipos informáticos, material de oficina...).

**O SERVIZO.** O primeiro que ten que facer unha persoa que queira ser beneficiaria deste servizo é ser

menor de idade e que estea empadroado nun dos Concellos que conforman esta agrupación (Sarria, Láncara, O Páramo, Paradelas, Samos, Triacastela e O Incio).

A partir dese momento, se a familia ten algunha dúbida sobre o desenvolvemento do neno, debe acudir ao servizo de pediatría do centro de saúde que lle corresponde e informar ao pediatra de referencia da sospeita de trastorno do desenvolvemento ou de calquera outro ítem evolutivo que preocupe.

No caso de que a detección ou a sospeita se orixine fóra do ámbito familiar (institución educativa, escolas infantís, casas niño...) o profesional de referencia debe de informar á familia e entregarlle cuberto un formulario de derivación aos servizos de pediatría e esta realizar o devandito procedemento: acudir ao pediatra de referencia e iniciar o procedemento de derivación.

Independentemente de quen detecte a sospeita, para ser beneficiario do SAT, o protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá determina que pediatría debe de canalizar as preocupacións e realizar a pertinente derivación ao SAT.

## Cal é o procedemento de actuación cos nenos?

O Servizo de Atención Temperá non ten un procedemento xeral de actuación porque “a tipoloxía de intervención depende da casuística e obxectivos marcados”, declaran. Porén, sosteñen que a premissa básica que debe cumprirse é a personalización da prestación e a flexibilidade, e que o procedemento a seguir, como norma xeral, é:

- O primeiro, a consulta de acollida coa familia, un tempo coa familia no que se aborda a situación actual e do tempo pasado (fitos evolutivos e outras circunstancias salientables).
- Sesións de valoración en sala do menor e da súa familia, se

é preciso, cos profesionais.

- Ademais, búscase tamén o intercambio de información e a coordinación con outros axentes implicados.
- Cando se dispón de información relevante e suficiente, elabórase o PPI (Plan Personalizado de Intervención) que se lle presenta e se modifica, de ser preciso, coa familia.
- Finalmente, teñen lugar as sesións de apoio ou intervención cuxa periodicidade tamén é variable.
- Simultaneamente a este proceso, ten lugar unha avaliación continua do PPI implementado para modificar, adecuar ou dar de baixa o servizo por cumprimento de obxectivos.

**FONTANERÍA Y GAS  
VILAR VALCARCEL S.L.**

AEROTERMIA  
SUELO RADIANTE  
BIOMASA  
INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n  
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449  
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

**¡ATENCIÓN!**  
NOTICIA DE ÚLTIMA HORA

**NOVEDAD  
¡UNIKA LLEGA A SARRIA!**  
MODA, CALZADO Y  
COMPLEMENTOS A SOLO  
**10€, 15€ Y 20€**

TEL.: 982 831 610  
Siguenos en:  
[instagram.com/unikasarria](https://www.instagram.com/unikasarria)

ESTAMOS EN PLENO CENTRO,  
FRENTE AL GADIS • RÚA DA LIBERDADE 84





# RIO LOYO

Restaurante

**Airexe**  
taberna

RESERVAS  
619 873 918  
982 195 979



Especialidade en tortillas  
Tablas de embutido  
Bacalao

Xornadas do cocido  
Tenreira Galega Suprema  
Menú do día

LUNS E MARTES PECHADO EXCEPTO FESTIVOS E VISPERAS

San Juan de Muro - Láncara

**Mesón Castro**




Reservas  
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Tel. 982 041 697



**HOTEL A VEIGA**




Calle Compostela 61  
Samos - Lugo  
Reservas: 982 546 052  
[www.hotelaveiga.es](http://www.hotelaveiga.es)

Cerramos por vacaciones  
hasta el 3 de febrero incluido




• TEMPORADA DE COCIDOS  
• TERNERA GALLEGA SUPREMA  
• ASADOS EN HORNO DE LEÑA  
• ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:  
Telf. 982 546 063




**CASA de AIRA PADRON**



**A Fervenza**

CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel: 982 15 10 10 - [info@fervenza.com](mailto:info@fervenza.com)

Abertos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad  
Eventos y reuniones







**O MIRALLOS**

Comida Casera  
Cocidos por encargo  
Pollos camperos caseros  
(por encarga)



Mirallos 1, Paradela  
RESERVAS:  
TEL: 639 010 696





## A antiga prisión preventiva acolle unha exposición

A antiga prisión preventiva de Sarria acolle a exposición 'As gaitas de fol na Península Ibérica e Baleares', de Rosa Sánchez e Pablo Carpintero, que permanecerá aberta ata o vindeiro 17 de febreiro. A actividade, co apoio do Concello e da Deputación, poderá visitarse de luns a venres en horario de 9.15 a 14.00 horas, aínda que se poden programar visitas noutros horarios consultando nos teléfonos 982 530 668 ou 982 535 000. A exposición presenta 14 tipoloxías de gaitas de fol do noroeste peninsular e tamén a gaita de boto aragonesa e a xeremie maiorquina.

# O Concello levará a Pleno os orzamentos con apoio dos edís do Bloque Nacionalista

O alcalde de Sarria convocou un Pleno de carácter extraordinario para someter a aprobación o orzamento xeral do Concello de Sarria para o exercicio de 2023, despois de lograr o ditame favorable da Comisión Especial de Contas.

Os votos a favor dos seis edís de Camiña Sarria e dous do BNG, xunto coa abstención dos dous concelleiros do PSOE e de Benjamín Escoltrela (Galicia Sempre) impuxéronse aos seis votos en contra dos edís do Partido Popular.

Por outra banda, o rexedor local pre-

cisou que no Pleno, antes de proceder á votación do orzamento xeral, a Corporación debeu votar a modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de atención na Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, que fora ditaminada desfavorablemente con anterioridade.

**BNG.** Efrén Castro, representante do BNG en Sarria, adianta a postura que adoptará o grupo municipal nacionalista na Comisión Especial de Contas convocada polo goberno lo-

cal sarriao coa que pretende aprobar o orzamento municipal para 2023.

A pesar de non estar a favor do presuposto municipal, xa que, segundo Castro, "son mellorables en canto ao investimento que se dirixe a diferentes ámbitos, como o cultural"; explica que votarán a favor deses orzamentos.

Desde o grupo explican que a Relación dos Postos de Tránsito (RPT) do Concello de Sarria levaba moito tempo sen aprobarse ata que se fixo o ano pasado, o que "conleva axustes e melloras para os traballadores do

Concello", pero para poder aplicala, "fai falta aprobar os orzamentos".

Esta é a razón que esta agrupación política establece como o motivo para votar a favor da aprobación dos presupostos, xa que "por este tema non queriamos deixar de lado aos traballadores que teñen aprobada a RPT".

Desta maneira, defenden que "é un ano curto" e que "hai que apostar pola estabilidade dos traballadores, aos que lles pode supoñer un prexuízo maior se por diferencias políticas tumbamos este proxecto".

## O PSOE denuncia a situación sanitaria do municipio e sinala ao PP

Os representantes do Partido Socialista acudiron ao centro de saúde do municipio para coñecer a situación na que se atopan tanto sanitarios como pacientes.

Tras escoitar as queixas dos doentes, denuncian a situación de "desatención sanitaria" xa que, "só hai un pediatra para atender a toda poboación e que non se cobren nin as baixas, nin as vacacións dos facultativos".

Ademais, lembran que inicialmente había dous pediatras que pasaban consulta, "pero dende hai tempo hai un de baixa e actualmente aínda non se cubriu", advirten dende o PSdeG.

Os socialistas de Sarria advirten de que esta situación ten como consecuencia "unha perda de calidade

asistencial moi acusada". "Estamos falando dun dos concellos máis grandes da provincia da Lugo, cunha poboación que ronda as 13.000 persoas, que non poden quedar desatendidas e abandonadas", explican.

No que se refire aos médicos de familia do ambulatorio, "unha praza está sen cubrir, polo que o resto dos sanitarios que pasan consulta encárganse da súa cota. Polo tanto, sufrimos recortes en pediatría e recortes na Atención Primaria", explican.

Por último, cunha chamada de atención ao PP, declararon: "Estas son as receitas do PP para atención sanitaria no concello de Sarria, desmantelamento sanitario e abandono".

## O antigo Cinema Cissa podería acoller o museo Paixón Motor Slot

O museo Paixón Motor Slot de Julio Páramo podería construírse no antigo Cinema Cissa de Sarria, xa que é enxeñeiro técnico industrial aficionado ao motor ten un "vínculo emocional" co edificio ao ter pedido o cineclub A Unión.

Porén, segue baraxando outras opción porque, aínda que é un edificio que pode servir para contar a historia do automóbil de competición durante máis dun século a través dunhas 3.000 miniaturas eléctricas do tipo Slot Car, ten un custo elevado.

Para levar a cabo o museo, habería que mercar o emprazamento e despois rehabilitalo mantendo as partes orixinais segundo un anteprojecto que xa está feito. Para isto, ten que procurar financiamento público ou privado.

O museo Paixón Motor Slot, úni-



co en Europa

O futuro Museo Paixón contará con 3.000 unidades de coches de Slot a escala 1/32 que representan unhas 80 marcas de vehículos reais e 700 miniaturas estáticas de automóviles a escala 1/43.

Así, o Motor Slot, segundo Pá-

ramo, será o primeiro de Europa con coches de slot como colección principal e diferenciarase dos outros dous que hai en Estados Unidos en canto a súa orientación, que vai cara ao automóbil real e de competición.

Ademais, Páramo quere non só crear un museo único, senón tamén fomentar en Sarria unha actividade turística e económica ao redor do sector e da hostalaría, así como fomentar a colaboración con institucións académicas e industrias do automóbil para fomentar este sector.

Para os que queiran coñecer o que será o futuro museo, poden visitar ata o vindeiro 26 de febreiro o Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL), onde están expostas preto de 550 miniaturas de coches de Julio Páramo.



**REVESTIMIENTOS FONTAL**

INTERIORES Y EXTERIORES EN YESO, MORTERO Y MONOCAPA • PLADUR Y REFORMAS

Plaza de Galicia, 6-8 SARRIA (Lugo)  
Tel.: 982 532 571 / Móvil: 629 924 572



**el Rey del Colchón**

SOMOS LOS ÚNICOS FABRICANTES DE COLCHONES A MEDIDA EN LUGO

Fabricamos todo tipo de colchones, en todas las medidas para caravanas, camiones... ¡A PRECIOS DE FÁBRICA!

Tolda de Meilán, 23 (Ctra. Coruña, detrás de Comercial Cereijo) Lugo. Tel.: 982 265 248

VISITANOS TAMBIÉN EN SARRIA  
Calvo Sotelo, 14 Bajo - Sarria (Lugo). Tel.: 627 474 777

[www.dormeenflex.es](http://www.dormeenflex.es)



# O BNG cualifica de “disparate político” o asunto da residencia

Efrén Castro, do BNG de Sarria, denuncia a situación na residencia de maiores Nosa Señora do Carme, e acusan de persecución por parte de Benjamín Escontrela a unhas traballadoras “concretas”.

Desde o principio do mandato denunciaron a mala xestión que se facía desde o Concello de Sarria e a mans do xestor da entidade pública, Escontrela, xa que “nos chegaran rumores”, polo que, sen acusar, “solicitamos facturas da residencia aos que temos dereito”, pero non obtiveron resposta. Por isto, din que foi un feito de “encubrimiento”.

O espionaxe ás traballadoras “non ten xustificación nin ten sentido”, argumenta Castro, xa que “el, como médico de profesión, sabía que podía pedir unha inspección médica por absentismo laboral se dubidaba da veracidade das baixas laborais ás que tiñan pleno dereito as traballadoras”. Así, desde o grupo nacionalista defenden que foi unha “espionaxe inmoral, un acoso ás traballadoras con enfermidades graves e un disparate toda a actitude” con respecto ás traballadoras, que non eran afíns a el politicamente.

Ademais, defenden, “usou 20 mil euros de diñeiro público para unha investigación que nin está rexistrada nin existen os informes finais da investigación á disposición da administración, polo que din algo que “a el non lle interesa sacar”.

**REUNIÓN.** Na reunión celebrada pola Xunta Rectora da Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme acordouse solicitar informes a Secretaría e Intervención sobre a contratación dos servizos da empresa de detectives InvestigaMÁS para investigar a traballadoras da residencia, por parte de Benjamín Escontrela, e



sobre a falta de xustificación dos traballos realizados.

Así solicitaranse informes dos funcionarios habilitados nacionais e requiríraselle á empresa de detectives a entrega dos documentos elaborados sobre as traballadoras. Esta solicitude foi aprobada polos concelleiros de Camiña Sarria e do BNG, mentres que PP, PSOE e Galicia Sempre abstivéronse na votación. Ademais,

**Desde o grupo nacionalista din que foi unha “espionaxe inmoral, un acoso ás traballadoras con enfermidades graves e un disparate”**

a proposta de Camiña Sarria e BNG, acordouse elevar ao Pleno da Corporación o resultado dos informes encargados a Secretaría e Intervención. Durante a intervención do alcalde de Sarria e presidente da residencia, Claudio Garrido tildou de “moi grave” e “censurable” o feito de “destinar recursos públicos a inves-

tigar sen ningún motivo a algunhas traballadoras” e salientou que Benjamín Escontrela “segue sen aportar documentación acreditativa dos traballos realizados pola empresa InvestigaMÁS”.

Tras unha pregunta da voceira do PSdeG-PSOE, Garrido confirmou que os documentos acreditativos do cumprimento do contrato deben ser presentados por rexistro, non podendo ampararse na protección de datos de carácter persoal para non facelo.

Pola súa parte, Benjamín Escontrela xustificou a contratación do detective para “obter información e probas sobre condutas realizadas polos funcionarios e o persoal adscrito relacionadas cun absentismo laboral moi elevado que ocasiona un prexuízo económico á residencia”.

**CÁMARAS.** O novo responsable da xestión da residencia de maiores Nosa Señora do Carme, o edil Félix Seijas descubriu un “posible uso irregular” das cámaras de vixilancia da residencia durante a etapa na que o concelleiro Benjamín Escontrela era o encargado da xestión do organismo autónomo.

Seijas explica que “polo menos unha persoa sen a autorización necesaria seguía a acceder ás imaxes en tempo real a través dunha aplicación, non se sabe moi ben con que finalidade”. Por este motivo, ten previsto solicitar un informe á empresa que instalou e que tiña activo o sistema de videovixilancia, “e que sorprendentemente non ten na actualidade ningún vínculo contratual coa residencia”, destacou Seijas. O goberno local non descarta dar traslado á Axencia Española de Protección de Datos (AEPD) “por se puidese ser constituído dalgunha infracción ou delito”.



## Máis de 1,5 millóns de euros do orzamento destinaranse ao centro de maiores

O Concello de Sarria elaborou un proxecto de orzamento da Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme para o exercicio de 2023 que contará con 1,5 millóns de euros coa finalidade de mellorar o funcionamento do centro e a atención aos residentes, principalmente a través do incremento do número de traballadoras e da adquisición de novo equipamento.

A maiores, o goberno local achegará 353.000 euros ao organismo autónomo para completar os 1,18 millóns de ingresos previstos polas cotas aportadas polos usuarios a través do pagamento dos prezos públicos, xunto con outros 4.500 euros pola prestación de servizos asistenciais de acompañamento aos residentes.

**GASTOS.** No apartado de gastos, o concelleiro responsable da xestión da residencia, Félix Seijas, destaca o incremento na contratación de traballadores, que ascende a 1,1 millóns de euros e que “permitirá pasar de 31 a 47 traballadoras para cumprir as ratios que establece a Xunta de Galicia, o que redundará

nunha mellora substancial da calidade asistencial”.

Por outra banda, os gastos correntes en bens e servizos serán de 423.000 euros, sendo as partidas máis relevantes as de produtos alimenticios (140.000 euros); maquinaria, instalacións técnicas e utensilios (80.000 euros), produtos de limpeza e aseo (25.000 euros) e gastos en enerxía eléctrica, gas e combustibles (67.000 euros).

**EN RISCO.** Continúan as trifulcas no Concello de Sarria e desta vez foi o alcalde de Sarria, Claudio Garrido, o que cargou con dureza contra os concelleiros do PP, PSOE e Benjamín Escontrela tras votar na Comisión Especial de Contas en contra da modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos da Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme.

Este feito impedirá aprobar o orzamento no pleno, por iso Claudio Garrido acusou aos edís que se opuxeron de “poñer en risco a asistencia aos usuarios da residencia por puro interese partidista e por unha estratexia política rasteira”.

# ENTROIDO 2023

**Concurso do desfile de comparsas e carrozas**

**19 de febreiro**

- Saída do barrio da Estación
- 17.00 horas
- Remate e entrega de premios na Praza da Vila
- 20.00 horas

**Inscripcións:** ata o xoves 16 de febreiro, ás 12.00 horas, co impreso publicado na páxina web ou que se facilitará no Concello e que deberá presentarse por rexistro ou enviar a [cultura@sarria.gal](mailto:cultura@sarria.gal)

**Reunión:** xoves 16 de febreiro, ás 20.00 horas, no concello

<b>Baile Infantil de Entroido da sociedade La Unión</b>	<b>Obradoiro de elaboración de máscaras</b>	<b>Festa infantil con agasallos</b>
20 de febreiro	20 e 21 de febreiro	21 de febreiro
De 17.30 a 20.30 h.	De 10.00 a 12.00 h.	De 12.00 a 14.00 h.
	Inscripción previa	
	982 53 07 23	

Con colaboración de Concello

Biblioteca P.M. Camilo Gonsar

Idades de entre 3 e 12 anos

**Ciclo de cine infantil**

10 de febreiro	17 de febreiro	24 de febreiro
Tiara y el sapo	Río	Encanto
Casa da Cultura	17.30 h.	

Non é preciso reservar entrada

**6.050 € EN PREMIOS!**

ACTIVIDADE GRATUITA





## Xa está aberta ao paso a pasarela do Toleiro

O Concello de Sarria reabriu o paso pola pasarela do Toleiro tras cambiar o pavimento de madeira por formigón, xa que este estaba moi desgastado e con madeiras soltas que produciran varias caídas en época de chuvias e xeadas, supoñendo un risco para os cidadáns.

As obras duraron dúas semanas e consistiron na reconstrución do chan con formigón alixeirado con arlita, a construción duns canlóns para a condución da auga e a mellora visual do interior da ponte, que foi pintada. A parte exterior quedou como estaba, do que algúns veciños se

queixan.

Porén, nos vindeiros días e coa mellora das condicións meteorolóxicas, levarase a cabo unha segunda fase na que se porá unha capa de resina para que o firme da ponte teña un resultado parecido ao do paseo do Malecón.

Ademais, serán eliminados os chanzos que dan acceso á pasarela desde a devandita rúa e, no seu lugar, construírse unha rampla.

Estas actuacións para mellorar a pasarela do Toleiro por parte do Concello, tiveron un custe total duns 42.000 euros.

## La Unión organiza unha festa con cocido para o Entroido

O vindeiro sábado, 18 de febreiro, a sociedade La Unión de Sarria organiza unha festa de Entroido, que contará con xantar a base de cocido e o posterior baile.

O prezo do evento será de 25 euros para socios, que incluírá a comida cun menú completo

de cocido, bebida, sobremesa e café; e a actuación do grupo musical Eureka, que porá aos asistentes a bailar.

Animan desde a asociación a que se leven disfraces e os interesados teñen ata o día 16 para reservar a súa praza e recoller as tarxetas de acceso ao evento.

## O Entroido chega a Sarria con 6.050 euros en premios

O Concello de Sarria vén de publicar as actividades que formarán parte da celebración do Entroido de 2023, que comezará o vindeiro 10 de febreiro e rematarán o 24 deste mes.

Así, o vindeiro venres que vén, o día 10 de febreiro comeza o ciclo de cine infantil na Casa da Cultura coa proxección da película *Tiara y el sapo*, ás 17.30 horas que terá entrada gratuíta e sen reserva e o seguinte venres, 17 de febreiro, proxectarase a película *Río* da mesma maneira.

Xa o domingo, 19 de febreiro, terá lugar a festa grande do Entroido co concurso do desfile de comparsas e carrozas, que sairá do barrio da Estación ás 17.00 horas e rematará ás 20.00 horas na Praza da Vila co reparto de premios.

Así, o Concello repartirá 6.050 euros entre os participantes



infantís e adultos que compitan nas categorías de carrozas, comparsas, tríos, dúos ou individual.

Para inscribirse, é preciso presentar no rexistro municipal ou enviar ao enderezo electrónico cultura@sarria.gal o impreso que se facilitará no Concello ou

que se pode descargar desde a páxina web.

**MÁIS ACTIVIDADES.** O luns e o martes terá lugar un obradoiro de elaboración de máscaras para nenos de 3 a 12 anos desde as 10.00 ata as 12.00 horas na Biblioteca Pública Municipal Camilo Gonsar ao que haberá que inscribirse no teléfono 982 53 07 23. Na mesma Biblioteca, o martes 21, de 12.00 a 14.00 horas haberá unha festa infantil con agasallos para os nenos. O luns, 20 de febreiro, ademais, a sociedade La Unión organizará un baile infantil do Entroido entre as 17.30 e as 20.30 horas á que poderá asistir calquera neno de balde.

Por último, o venres 24 de febreiro, proxectarase a película *Encanto* na Casa da Cultura, ás 17.30 horas á que se poderá asistir sen pagar entrada.

## O estado dun camiño de gando na parroquia de Vilanova provoca malestar

Algúns veciños de Sarria queixáanse do estado dun camiño para paso de gando na parroquia de Vilanova, en San Vicente de Froián. Os habitantes da parroquia explican que é un camiño agrícola no que adoita haber paso de animais e maquinaria e que estaba en malas condicións debido ao temporal, que provocou que a terra se convertera en barro.

Así, din que a forma de arreglar o camiño foi "botarlle pedra moi



gorda, o que dificulta da mesma maneira o paso do gando" e cren que "sería ideal" botarlle unha zorra ou grava máis fina, xa que as vacas, declaran, "ao pasar por riba destes grandes coios, poden mancarse, a parte de que lles é moi molesto".

Piden así unha resposta por parte do Concello de Sarria, que ademais, argumentan, "só cubriu a parte final do camiño", deixando o resto como estaba.



**ASESORAMENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS**

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha comparativa de aforro personalizada:



**Entra e infórmate!**

982 876 681

sarria@xenera.com

**XENERA**  
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

A principal comercializadora de enerxía 100% verde. Concedo de 100 euros de aforro.

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de XENERA



**Muebles Celeiro**

**A TÚA OFICINA NA CASA**

MÁIS DE 30 ANOS O SEU SERVIZO

Vilapedre 27614 (Crta. Lu546, km16) Sarria - Lugo  
Tel.: 982 532 451 - 625 662 962  
www.mueblesceleiro.com / mueblesceleiro@gmail.com



# “Ao ser etapa do Camiño, damos servizo a peregrinos e albergues”

María Isabel Martínez, xerente da Lavandería Autoservicio Oso Blanco

## Cando e como xurdiu a idea?

A idea xurdiu fai 8 anos, en 2014, vendo o auxe deste tipo de establecementos en varias cidades da península. Así, vimos unha oportunidade de negocio que tamén podía funcionar na vila de Sarria.

## Que tipo de servizos prestan?

Nos nosos establecementos prestamos servizos de lavado en lavadoras de dous tamaños (18 e 9 quilogramos), dependendo do volume de roupa, e tamén ofrecemos servizo de secado en secadoras de 18 quilogramos. Tanto as lavadoras como secadoras son industriais, polo que normalmente non adoitamos ter avarías polo seu uso intensivo. Aínda así, ás veces xorden imprevistos como un mal centrifugado por exceso de carga das lavadoras ou problemas nas secadoras, derivados de introducir prendas con algún tipo de plástico na súa composición. Desta maneira, quedan os restos adheri-

dos ao tambor. Lembramos tamén que para calquera destes problemas ou dúbidas que poidan xurdir hai un teléfono de atención ao cliente: 717 709 050.

## En que lugares prestan servizos?

Temos dous establecementos en Sarria, ambos na rúa Calvo Sotelo, agora renomeada rúa da Liberdade, nos números 199 e 20 respectivamente.

## Sarria tiña necesidade dunha lavandería autoservizo?

Cremos que si, xa que nas vivendas tipo piso cada vez hai menos espazo para secar a roupa e determinadas prendas como edredóns, mantas, nórdicos e cortinas son moi complicadas de lavar e secar na casa. Ademais, na vila, ao ser unha etapa do Camiño de Santiago, moitos peregrinos e albergues usan este servizo.

## Os prezos son competitivos?

Cremos que si. Usar a lavadora de

18 quilogramos durante 21 minutos custa 7 euros e utilizar a de 9 quilogramos custa 4 euros durante o mesmo tempo. De feito, levamos sen modificar os prezos desde a apertura e faremos o posible por mantelos, aínda que este último ano sufrimos subidas tanto nos produtos como na enerxía. No prezo tamén están incluídos o deterxente, o suavizante e o osíxeno activo.

## Cal é o horario de apertura?

Abrimos de 8.00 horas da mañá ás 22.30 horas do serán os 365 días do ano.

## Por que este servizo é unha vantaxe para quen o utiliza?

Supón un aforro de tempo; nunha hora pódense lavar e secar ata 18 quilogramos de roupa. Tamén proporciona comodidade para o lavado e secado de prendas voluminosas.

## Cambiou o traballo nestes últimos



## tempos por mor da pandemia?

Precisamente debido á pandemia, e para evitar o máximo os contactos entre persoas, implementamos un sistema de pago por medio de aplicación móbil no que, ademais, o cliente ten un 10 % de desconto.

## Que proxectos ou obxectivos teñen de cara ao futuro?

De cara ao medio prazo estamos estudando a posibilidade de incorporar novos servizos nos locais existentes ou incluso abrir un novo nun novo local.



**CAFETERIA**  
**Holo**

**SERVICIO A DOMICILIO**  
Tel. 982 530 021

Calvo Sotelo, 12 27600 SARRIA (Lugo)

**CHAMORREGO**  
**SERVICIO A DOMICILIO**

C/ Calvo Sotelo 140, Sarria - Telf: 982 533 664

**CERVECERÍA ESPAÑA**

**CERRAMOS LOS MARTES**

¡LO BUENO LO ELIGES TÚ!

DISFRUTE DE NUESTRAS EXQUISITAS RACIONES DE POLLO CRUIENTE, TIRAS, ALITAS, BROCHETA AL AJO Y PARMESANO, FAJITAS DE POLLO, BURRITOS DE TERNERA, CROQUETAS, EMPANADILLAS, CALAMARES Y CHIPIRONES...  
**VARIEDADES DE TOSTAS...**

CALLE DIEGO PAZOS 29, BAJO. SARRIA - TEL.: 982 876 706

**PIZZERIA PAPPARAZZI**  
100% ITALIANI

**¡¡OFERTAS ESPECIALES!!**

-50% en la segunda pizza familiar  
-25% en la segunda pizza mediana  
Martes Familiar de Jamón e Bacon 8€

Servicio a domicilio Rúa Diego Pazos, 30 - Baixo Sarria 982 012 026



# Sarria conta os días da volta O G

## A Vicepresidencia da Deputación patrocina a proba, que consta de 191 quilómetros e o paso por 13 concellos da provincia

A primeira etapa da volta ciclista profesional O Gran Camiño, patrocinada pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo, traerá algúns dos mellores ciclistas e equipos internacionais as comarcas de Lugo, Sarria, A Ulloa, Chantada e Lemos. O percorrido completo da etapa, que se disputará o vindeiro 23 de febreiro, desvelouse en Compostela, na presentación oficial da volta, coa presenza do deputado de Deportes, Efrén Castro. Tras confirmarse a finais de decembro que a saída será en Lugo -coa Muralla como pano de fondo- e a chegada en Sarria -localidade de referencia do Camiño de Santiago- concretouse o itinerario do pelotón, con paso polos concellos de Lugo, Guntín, Portomarín, Taboada, Chantada, O Saviñao, Pantón, Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón, Bóveda, o Incio, Samos e Sarria. Un total de 191 quilómetros, con tres portos de montaña: Alto de Fontenla (2ª categoría), Cruz do Incio (3ª categoría) e San Fiz (3ª categoría). Efrén Castro sinalou que “esta segunda edición de O Gran Camiño ofrece unha oportunidade única para amosar con orgullo ao mundo o patrimonio cultural e natural de Lugo e das comarcas do Sur, xa que a presenza dos grandes nomes do ciclismo internacional asegura a atención mediática e deportiva sobre a proba”.

O responsábel provincial referiuse ao “deseño do percorrido que, co Camiño como

referencia, leva os ciclistas por algúns dos monumentos e espazos naturais máis emblemáticos da metade sur da provincia -desde a Muralla ou o mosteiro de Samos ata a praia da Cova- e achega o espectáculo deportivo ás localidades, comezando no propio centro histórico de Lugo e atravesando núcleos coma Guntín, Taboada, Chantada, Escairón, Monforte, Bóveda, O Incio, Oural, Samos e finalizando un ano máis no corazón de Sarria durante 191 quilómetros”.

### MURALLA

A presentación achegou tamén detalles sobre o inicio da proba, no que o protagonismo será para a Muralla de Lugo. A etapa comezará cunha rolda de presentación dos equipos no monumento Patrimonio Mundial da Humanidade. O tenente alcalde Rubén Arroxo agradeceu á organización e á Vicepresidencia da Deputación de Lugo que “contasen con Lugo para a saída da proba, poñendo o foco sobre o noso elemento patrimonial máis emblemático, un ben patrimonio mundial que queremos seguir promocionando a nivel internacional e que a través das canles de difusión deste evento se verá en pantallas en decenas de países”

### OS EQUIPOS

A organización confirmou a presenza na proba do Team Jumbo-Visma Cycling, Movistar,



Astana, Cofidis, Eolo Kometa e Corratec, e de nomes propios como o do vixente campión do Tour de Francia, Jonas Vingegaard. Tamén nas estradas, devolveu aos galegos a posibilidade de gozar dunha volta ciclista profesional 20 anos despois da última Volta a Galicia destas características. A etapa lucense, o 23 de febreiro, será a primeira das catro da volta, que contará con

unha en cada provincia. Rematará na Praza do Obradoiro. O acto de presentación celebrouse na Praza da Mosqueira, coa participación tamén da vicepresidenta da Deputación de Lugo, Maite Ferreiro, a concelleira de Participación e Servizos á Veciñanza, Cristina López, e o concelleiro de Infraestruturas, Álex Penas.

ITINERARIO	HORARIO	
	38Km/h	42Km/h
KM 0. Cruce con Forum Lugo	10:30	10:30
GUNTIN, rotonda	10:56	10:53
AS NEVES, N-540, dirección Chantada	11:19	11:14
TABOADA, avenida de Lugo	11:30	11:25
CHANTADA, avenida de Lugo	11:50	11:42
A PORTADA, por LU-P-1801	11:53	11:45
LÍNCORA, cuce esquerda dirección Belesar	11:55	11:47
SAN PEDRO DE LÍNCORA por LU-P-1804	11:56	11:48
VILACHÁ	11:57	11:49
ALEMPARTE	11:58	11:50
OS QUEIXEIROS	11:59	11:51
VILANOVA	12:00	11:52
BELESAR	12:04	11:55
PRAIA DA COVA - COMEZA PORTO	12:15	12:05
SEOANE por LU-P-5801	12:19	12:09
PREMIO DE MONTAÑA, ALTO DE FONTENLA. 2ª CAT	12:23	12:12
LINCIN, por LU-P-4102	12:24	12:13
VILASANTE - ESCAIRÓN, avenida Juan Forcados	12:27	12:16

## CAMIÑO DE LUGO. MURALLA DE LUGO - SARRIA

191,47KM - 3429M DESNIVEL





# Gran Camiño



Gran Camiño atravesará un total de 13 concellos da provincia: Lugo, Guntín, Portomarín, Taboada, Chantada, Saviñao, Pantón, Monforte de Lemos, A Pobra de Brollón, Bóveda, O Incio, Samos e Sarria



## Sarria, en pantallas de 180 países diferentes

O Gran Camiño converterá Sarria no escenario dun gran evento deportivo, coa presenza nas rúas dos vehículos e estruturas dos equipos participantes e dos propios ciclistas, que se preparan para o remate da proba. Durante estes catro días, o pelotón atravesará parte dos diferentes paraxes de Galicia. Cada unha das catro provincias que conforman Galicia será protagonista nunha das catro etapas, cun percorrido moi atractivo tanto para o corredor como para o espectador, onde por seguro

se vivirán grandes momentos de loita, estratexia e deportividade.

A etapa de Sarria será unha proba de 180 quilómetros e cun máximo de 800 metros de desnivel que transcorrerá polo concello de O Incio, Samos e Sarria, cuns primeiros quilómetros por estradas secundarias, coincidindo durante algúns tramos co Camiño de Santiago, e final no casco antigo da vila. O deputado de Deportes, Efrén Castro, sinalou que “o Camiño de Santiago é, en si mesmo, un reclamo de tal

magnitude que podemos caer no conformismo de esperar a que as persoas cheguen. Nos cremos que as administracións temos que ter un papel máis activo, seguir apostando na promoción de Sarria como punto de referencia do Camiño e buscando novos mercados para todo o que temos que ofrecer. As imaxes da comarca de Sarria chegarán a 180 países coa retransmisión desta proba, unha difusión moi difícil de alcanzar sen ningún outro evento ou campaña de promoción turística”.



ITINERARIO	HORARIO	
	38Km/h	42Km/h
ESCAIRÓN, Pardo Bazán, Ramón y Cajal. LU-617	12:27	12:16
TUIRIZ, seguir por LU-617, dirección Monforte	12:33	12:21
<b>CONCELLO MONFORTE DE LEMOS</b>	12:37	12:25
MONFORTE DE LEMOS, rotonda enlace corredor	12:46	12:33
A POBRA DO BROLLÓN, rotonda dirección A Cereixa	13:15	12:59
NOGUEIRAS, cruce xiro á dereita por LU-652	13:19	13:03
BÓVEDA, xiro dereita por avenida Alfonso XIII	13:36	13:18
LAIOSA, seguir por LU-644	13:46	13:27
CRUZ DO INCIO, rúa Quiroga Ballesteros	13:54	13:35
<b>PREMIO DE MONTAÑA, ALTO CRUZ DO INCIO. TERCEIRA CATEGORÍA</b>	13:54	13:35
CONCELLO SAMOS	14:11	13:50
OURAL, rúa Conde Rodrigo Suárez	14:26	14:03
SARRIA, rúa Benigno Quiroga	14:36	14:13
SAMOS, avenida Compostela,	14:57	14:31
<b>PREMIO DE MONTAÑA. SAN FIZ. 3ª CAT</b>	15:07	14:41
SARRIA	15:25	14:57
<b>META. RÚA CALVO SOTELO</b>	15:26	14:58



# COMARCA

## O Camiño Francés que pasa por Sarria púxose en valor en Fitur

Sarria estivo presente na Feira Internacional de Turismo a través da súa concelleira de Cultura e do Camiño de Santiago, Reyes Abella, que convidou aos asistentes á presentación do proxecto Camiño Francés. Camiño 360' no stand de Galicia no Fitur.

Durante a súa exposición, describiu o Camiño Francés como “unha ruta de historias, de cultura, de espiritualidade, de paisaxes e de convivencia” e salientou que, segundo os últimos datos da Oficina de Acolida ao Peregrino, ao longo do ano 2022 máis de 130.000 peregrinos iniciaron en Sarria a súa andaina cara a Compostela.

“Estamos a falar de 132.047 peregrinos que posiblemente cearon, pernoctaron, almorzaron, xantaron ou compraron en Sarria, con todo o positivo que iso supón”, subliñou. Tamén explicou que esa cifra é “especialmente significativa para uns mu-



nicipios localizados nunha contorna eminentemente rural, con dispersión poboacional e cunha dinámica demográfica regresiva”.

Así fixo incidencia na repercusión do Camiño Francés como “fonte de vida e riqueza cultural, social, económica e comercial e un auténtico salvavidas contra o tsunami da España baleira-

da”, resaltou e pediu “preservar a esencia do Camiño Xacobeo como ruta milenaria de peregrinación” e “recuperar e poñer en valor a súa herdanza cultural”, reivindicando “un Camiño sinónimo de calma, non de présas; un Camiño de convivencia e conexión, pero tamén de introspección”.

## Convocan axudas para gandeiros de carne pola situación derivada de Ucraína

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a resolución do Fondo Galego de Garantía Agraria, dependente da Consellería do Medio Rural, pola que se convocan algo máis de 17 millóns de euros en axudas para os produtores de carne galegos, co gallo de mitigar as consecuencias da invasión rusa de Ucraína.

Estas axudas buscan contribuír a mellorar os resultados económi-

cos de todas as explotacións e a facilitar a súa reestruturación e modernización, en particular co obxecto de incrementar a súa participación e orientación cara ao mercado, así como a diversificación agrícola.

Para acceder ás subvencións, os solicitantes deben ser titulares de explotacións que consten en alta no Rexistro xeral de explotacións gandeiras (REGA), entre outros re-

quisitos. De cara á concesión destas axudas -que se tramitarán en réxime de concorrencia non competitiva- determínanse unha serie de tramos asociados ao tamaño ou capacidade das explotacións beneficiarias. As persoas interesadas nestas axudas terán un prazo dun mes a partir do día seguinte á publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia para presentar as súas solicitudes.



**DÍA DA NON VIOLENCIA E DA PAZ.** O 30 de xaneiro celébrase o Día da Non Violencia e da Paz nos colexios da comarca. No CEIP de Samos pintaron mandalas e escribiron dentro de debuxos de pombas a palabra Paz en diferentes idiomas. No colexio La Merced de Sarria leron un manifesto realizado polos alumnos e recolleron as mensaxes escritas por eles; no colexio de Lán cara, o CPI Ramón Piñeiro, os nenos fixeron un mural co lema ‘Que chova paz’ para celebrar o Día da Paz.

### O RECUNCHO DE CANELINA





## OSO BLANCO

LAVANDERÍA AUTOSERVICIO

[WWW.LAVANDERIASOSOBLANCO.ES](http://WWW.LAVANDERIASOSOBLANCO.ES)

AHORA PUEDES PAGAR CON TU MOVIL

1. Descarga OSO BLANCO LAVANDERÍAS
2. Regístrate
3. Busca la Lavandería

POR CADA RECARGA DE **10€** TE REGALAMOS **1€**




Rúa Calvo Sotelo 20  
SARRIA - (LUGO)

08:00 a 22:30

Rúa Calvo Sotelo 199  
SARRIA - (LUGO)

08:00 a 22:30



## DANIEL LAMAS

ELECTRICIDAD

### ELECTRICISTA COMARCA DE SARRIA

- Videoporteros
- Cortes de luz
- Averías eléctricas
- Cuadros eléctricos
- Antenas de televisión
- Reforma de locales comerciales y viviendas

**PRESUPUESTO SIN COMPROMISO**

Boletines / Instalador autorizado

**Lán cara - T. 620 560 981** [www.electricistaenlugo.com](http://www.electricistaenlugo.com)



# Revelan que a paisaxe a carón do mosteiro é da Idade de Ferro

Un estudo transdisciplinar elaborado por un equipo de investigadores da USC, CSIC, UDC e das universidades de Newcastle e St Andrews demostra que o comezo da formación da paisaxe socalcada que rodea o mosteiro de San Xulián de Samos iniciouse durante a Idade de Ferro, moito antes da súa fundación, que se estima no ano 665, tal como se deduce nunha inscrición perdida que estaba nos muros do claustro da portería onde poñía que fora reconstruído polo bispo de Lugo Ermefredo.

“O mosteiro erixiuse durante a Idade Media nun dos máis poderosos de toda Europa e tiña posesións en diversos lugares de Galicia e o Bierzo”, apuntan dende o proxecto ARPAMED, no que se enmarca a investigación, liderado polo profesor da USC, José Carlos Sánchez Pardo. O artigo, publicado en *Journal of Archaeological Science: Reports*, dá conta de como neste período histórico comezaría un proceso de deforestación para a creación de campos de cultivo de cereal e pastos e constata como os períodos Baixo-medieval e Moderno representan os momentos de maior actividade na reconfiguración da paisaxe socalcada de Samos, evidenciando como o mosteiro actuou como axente de ordenación do territorio en Galicia e no Bierzo.

“Os mosteiros foron importantes centros de poder ao longo da historia, algúns deles, abarcando posesións ao longo de amplas rexións xeográficas. Estes eran centros relixiosos pero tamén cumprían importantes funcións sociais, culturais, agrícolas e mesmo industriais”,



explican os investigadores.

Novos descubrimentos

Con todo, investigacións en marcha poderían achegar novas evidencias, particularmente para os primeiros períodos de funcionamento do mosteiro na alta Idade Media.

“Hai que ter en conta que unha vez que se constrúen, os socalcos agrícolas poden manterse en activo durante varios séculos e, en ocasións, os procesos de mantemento poden borrar evidencias de manexo máis antigas, polo que son máis difíciles de detectar”, explican.

A partir da análise palinolóxica do sedimento dos socalcos evidenciouse que, xa dende a Idade do Ferro, na paisaxe dominaría un mosaico composto por campos de cereal, pastos e formacións boscosas de carballo e castiñeiro.

Con todo, analizando a información contida nos textos medievais, apréciase a significación que tiñan as maceiras, a vide e o liño para a comunidade monástica. Estes cultivos, ou ben non son distinguibles mediante análises polínicas, ou ben adoitan aparecer infrarrepresentados.

“A investigación salienta a importancia de apostar pola combinación de aproximacións interdisciplinarias para estudar non só os cambios físicos nas paisaxes, senón aspectos sociais relacionados coa xestión dos recursos no pasado e que, sen dúbida, deixaron a súa pegada nas paisaxes culturais do presente”, apuntan dende o equipo investigador.

O mosteiro de Samos, que xa foi motivo de interese recentemente, pertence á orde dos beneditinos que, xunto con outras ordes monásticas como o Císter, tiveron un gran peso na expansión dos cultivos de vide e maceiras en toda Europa.

Noemí Silva-Sánchez do Incipit-CSIC é a primeira autora do traballo, quen coordinou o paquete de paleoambiente, incluíndo o estudo xeoquímico e palinolóxico dos socalcos e a análise histórica relativa aos usos da terra. Tamén asinan Tim Kinnaird de St Andrews, Marcos Fernández-Ferreiro da USC, Estefanía López-Salas da UDC, Sam Turner da Universidade de Newcastle e José Carlos Sánchez Pardo da USC.

## O BNG samoense pide frear a expansión da rata toupa

A rata toupa está afectando e danando unha explotación caprina de Samos que foi visitada pola deputada e portavoz de Desenvolvemento Rural no Parlamento galego do BNG, Carme Aira, xunto coa concelleira do BNG en Samos, María Jesús López e membros do BNG local. Debido ao cambio climático, a rata toupa, que é un animal propio da montaña, está proliferando ata converterse nunha praga, como o califican desde o BNG. A montaña, din, é a gran prexudi-

cada da expansión, xa que máis de 1.800 hectáreas, principalmente de pastizal, fican afectadas e tamén as explotacións padecen grandes perdas á hora de desenvolver a súa actividade. A deputada Carme Aira declarou que “a rata toupa é un problema grave para as gandeiras e gandeiros da montaña, exténdese sen parar, por isto desde o BNG impulsamos esta batería de medidas para pór control e minguar os problemas que está ocasionar”.

## O Pleno de Samos aproba revisar a numeración da avenida de Compostela

O Pleno do Concello de Samos aprobou por unanimidade a moción presentada polo portavoz do PP, José Fernández, para que a corporación encargue un informe técnico que determine como levar a cabo a revisión, renovación e regularización da numeración dos edificios da avenida de Compostela, e, á vista do mesmo, executar os traballos necesarios para tal fin.

Fernández sinala que “a correcta identificación dos predios urbanos, mediante a correspondente numeración, constitúe unha cuestión de capital importancia a múltiples efectos”.

**ESTRADA.** O popular tamén de-

nunciou o estado da estrada de Aira Padrón a Praducelo, por Ponte Lúzara, que contan con curvas especialmente perigosas e na que recentemente un vehículo se saíu da vía na chamada Ladera de Chaos. As consecuencias, din, non foron moi graves porque o coche topou cunha árbore, que freou a súa caída polo barranco. Da mesma forma, José Fernández lembra que en agosto do ano pasado xa avisara do caso da LU-P 5603, que vai de Samos ao Courel, onde os veciños piden a instalación de gardabarreiras e varandas nos bordes da estrada, “onde hai grandes desniveis, especialmente onde é frecuente que en inverno haxa xeo”, explican.



# INVISTE EN PARADELA

**FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.**

20 ANOS





## A CHMS mellorará a capacidade de desaugadoiro da ponte sobre o río Sarria

José Antonio Quiroga, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), e Antonio Piñeiro, alcalde do municipio lucense de Láncara, rubricaron o Protocolo que posibilitará óbralas "substitución da ponte sobre o río Sarria no núcleo de Supena".

O presente protocolo ten por obxecto establecer o marco para unha posible colaboración entre as partes outorgantes, para o financiamento e execución das actuacións que supoñerán un investimento estimado de 750.000€ e coas que se mellorará o tránsito e a comunicación de máis de 200 veciños da zona, esta ponte une os núcleos de Ronfe e Pousadela.

"As obras consistirán na demolición completa da estrutura existente (taboleiro, pilas e estribos) e na construción dunha nova ponte, cumprindo todos os requisitos establecidos no Plan Hidrolóxico vixente, cunha maior sección e an-



chura e, por tanto, maior capacidade de desaugadoiro", explicou o presidente, "actuacións que poderían comezar no segundo semestre do ano" engadiu.

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil farase cargo da licitación, adjudicación e xestión dos contratos de obra e servizos, ata a finalización das actuacións; pola súa banda o Concello de Láncara poñerá a disposición os terreos e as infraestruturas necesarias para a execución das obras.

## Pechan a ponte que une Ronfe con Pousadela polo seu mal estado

Os traballadores municipais do Concello de Láncara pecharon a ponte que une Ronfe con Pousadela por precaución debido á súa deterioración evidente dun dos piares sobre os que se apoia a plataforma.

O alcalde do municipio, Darío Piñeiro, afirmou que "a seguridade é o primeiro e que non se pode asumir nin o máis mínimo risco". Ademais, explicou que hai que agardar aos informes técnicos para saber cando é seguro restablecer a circulación, pero "a simple vista, o seu estado non augura que a apertura vaia ser inmediata".

A situación da ponte viuse agravada polas importantes crecidas do río Sarria o seu paso por Ronfe que tiveron lugar durante os últimos días e que afectaron seriamente á estrutura do vial. "É certo que esta ponte fai anos que quedou obsoleta e resulta insuficiente para dar servizo ás novas necesidades das explota-



ción gandeiras e agrícolas máis próximas, pero supón un custe moi elevado que o Concello non pode asumir. Precisamente por iso, levamos meses traballando coa Confederación Hidrográfica para poder dar unha solución conxunta a este problema".

Pola súa parte, o presidente da Confederación, Jose Antonio Quiroga, trasladoulle a Piñeiro

que o proxecto da nova ponte está "moi avanzado e que proximamente haberá novidades", sinalou o alcalde.

Finalmente, o rexedor tamén indicou que manterá conversas coa Xunta para resolver unha liña de transporte escolar que se podería ver afectada e explorar posibles vías de cofinanciación.

## Novas iniciativas do Concello para mellorar as parroquias

O Concello de Láncara contratou a redacción de dous proxectos técnicos para levar a cabo e así mellorar a vida dos habitantes do municipio co compromiso do alcalde, Darío Piñeiro.

Un deles é para reformar e manter o pavillón municipal da Pobra de San Xáio, cuxas instalacións deportivas presentan algunhas filtracións procedentes da cuberta, o que afecta o pavimento, renovado nos últimos anos. Ademais, tamén se pretende mellorar os vestiarios e as bancadas, e renovar a iluminación por unha máis eficiente.



Todas estas actuacións foron acordadas co club de fútbol sala local.

Coa redacción do proxecto, adjudicada por 7.139 euros, trátase de cuantificar o custo destas obras que poderían ser financiadas con fondos municipais e achegas doutras administracións.

O segundo proxecto consiste en dotar de abastecemento de auga á parroquia de San Xoán de Muro, unha reivindicación histórica desta parroquia.

Neste caso, o concello contratou por 5.650 euros a elaboración do proxecto.



**CUBA.** O director da Plataforma Articulada para el Desarrollo Integral Territorial (PADIT) na Habana, Anselmo Breto Vázquez, visitou o Concello de Láncara. Xunto co alcalde, Darío Piñeiro, faláron sobre proxectos no ámbito local que poidan ser de utilidade para ambas administracións. Tamén puxeron en común iniciativas para mellorar a relación entre lancareses e cubanos, que consideran ser o mesmo pobo.

## Olga Capón será a candidata do PP á Alcaldía de Láncara

A candidata popular á Alcaldía de Láncara, Olga Capón, foi presentada na Casa do Concello onde defendeu que asumía este reto "con todo o respecto, a humildade e a máxima responsabilidade". Capón destaca que a súa maneira de traballar estará baseada na escoita activa, no contacto directo coa veciñanza e no fomento da participación".

**ESTAMPADO TEXTIL Y ROTULACIÓN**  
[www.textilsar.es](http://www.textilsar.es)  
 Tlf: 619 724 272

**ROPA LABORAL  
 ROPA DEPORTIVA  
 VINILOS DECORATIVOS  
 REGALO PUBLICITARIO  
 LONAS, CARPAS, BANDERAS...**

C/Goya, 17 Bajo  
 SARRIA-(LUGO)  
 Tlf: 619 724 272

**ADARVE**  
 DESAYUNOS - TAPAS  
 RACIONES

Calvo Sotelo 211, 27600 Sarria / Tel.: 982 886 818



## láncara

# “É importante que non se perda o costume de saír tapea”

María Isabel Piñeiro Díaz, propietaria da Taberna Airexe de Láncara

## Como xurdiu a idea de poñer en marcha a Taberna Airexe?

Empecei no ano 2003 mentres estudaba porque miña nai xubilábase. Ela tiña unha tenda de ultramarinos e quedeime eu con ela, pero eu quería enfocalo a unha taberna con tapas e racións. Co paso do tempo, os clientes foron pedindo máis comidas e facíanme encargos, polo que ao redor do 2007/2008 fixemos a primeira carta, que era simple, contiña racións e algún prato. Actualmente somos seis persoas traballando na taberna, na que contamos con tapas, racións e pratos elaborados, o que supón que pasou de ser unha taberna esencialmente de tapeo a un establecemento máis coma un restaurante con carta todos os días e menú os días laborables, de 12 euros.

## Cales son os pratos estrela?

O típico de aquí é a carne de Tenreira Galega Suprema, a tortilla, o raxo, o bacallau e as táboas de embutido, que inclúen xamón, chourizo, salchichón, roxóns, queixos variados de cinco clases e o lombo. O que adoitan pedir moito tamén os máis novos, e non tan novos, é a tortilla rechea de xamón, leituga, tomate e maonesa. A raíz da covid-19 tamén metemos catro variedades de hamburguesas de carne de Tenreira Galega Suprema. Tamén ofrecemos sobremesas caseiros, seis ou sete ao día, e os que máis se piden son a tarta de queixo con arandos,



a tarta da avoa e a crema de iogur con froitos vermellos.

## Cantas comidas serven durante a semana?

As fins de semana podemos chegar a servir 100 comidas cada día, tanto o sábado como o domingo, contando a comida e a cea. Os venres tamén damos moitas comidas; podemos chegar a 60 ou 70, pero durante a semana, moito menos, e agora no inverno, menos. No verán, a afluencia de comensais aumenta moito debido ao bo tempo, xa que contamos cunha terraza con carpa.

## Fan pedidos por encargo?

Si, facemos pedidos por encargo e para levar a comida, xa sexa o menú enteiro, un prato, varios ou tapas e racións tamén. Ademais, facemos reservas tamén na taberna, sobre todo para grupos e con pedidos por encargo cun menú pechado ou se veñen sen menú 20 persoas e reservan para comer.

## Organizan eventos na Taberna Airexe?

Organizamos as xornadas de cocido e as xornadas de tenreira cachena, que é unha carne que vén das nosas fincas. Antes faciamos as xornadas do bacallau, pero coincidían en Semana Santa e había demasiada xente. Tamén adoitamos facer a festa da tortilla no mes de xullo, que coincide co aniversario da Taberna Airexe. O primeiro ano fixemos 20 tortillas e a última edición tivemos que facer 300, así que non sabemos aínda se este ano haberá.

## Que previsións hai con respecto ao futuro?

Vemos que a xente anímase cada vez máis a comer antes que a tapear, e ese é un costume que non se debería perder. Nós ofrecemos cada día seis ou sete tapas diferentes para animar á xente a tapear, porque forma parte da nosa cultura.

## o páramo

# A biblioteca xa permite facer carnés de socio e préstamos de libros



A Axencia de Lectura do Páramo, que está incluída na Rede de Bibliotecas de Galicia, xa conta cun servizo que permite aos cidadáns sacarse o seu propio carné e reservar libros para que o Concello llos preste e poida lelos na súa casa. A Biblioteca Municipal do Páramo atópase dentro das instalacións da Casa do Concello e dá un servizo aos veciños todos os días, de luns a xoves, desde as 10.00 horas ata as 13.00 horas. Neste tempo, os interesados na lectura poderán acudir a ese espazo habilitado e disfrutar dun dos centos de libros de diversa temática. Como defenden desde a concellería de Cultura, “temos ao redor de 5 mil euros en libros de novela, emprendurismo, historia, ciencia ficción, autoaxuda, entre outros”.

Así, o obxectivo é que os veciños fomenten o seu hábito lector, polo que desde a conce-

llería de Cultura apostaron por solicitar subvencións á Xunta para dotar á súa biblioteca de fondos para adquirir libros, tanto en castelán como en galego.

“Os concellos non adoitan pedir esas dotacións porque dá traballo e porque non teñen un lugar habilitado como biblioteca”, din desde a concellería, “pero no Páramo hai unhas instalacións preciosas que merece a pena dotar de libros”. Ademais, todos os libros da Axencia de Lectura do Páramo están na base de datos da Rede de Bibliotecas de Galicia, “o que leva moito traballo, xa que hai que meter cada libro como se fose un empadramento”, defenden desde a concellería. Así, os usuarios poderán facer o seu propio carné e reservar libros que lle serán prestados e así mellorar o seu hábito lector, tanto dos máis pequenos como dos maiores.

HONDA CRF300L  
LISTA PARA  
CARRETERAS Y SENDEROS

**Motolugo**  
CONCESIONARIO OFICIAL HONDA

Camiño Real, 125. 27004 Lugo - Telf: 982 21 57 31 - Móvil: 698 17 91 81

**CARNICERÍA**  
Noda

**TERNERA PAÍS RUBIA GALLEGA**

- Calidad Suprema •
- Tradición y Sabor •
- Cría tradicional •

DIEGO PAZOS 91 BAJO, 27600 SARRIA  
TFNO.: 689 412 953 - 982 533 052



## O Concello contará cunha unidade móbil da ITV este mes

Unha unidade móbil da ITV para tractores estará o próximo mes en Triacastela para atender as necesidades dos veciños e realizar inspeccións a vehículos agrícolas.

Serán os días 10, 13, 14 e 15 cando o servizo de ITV estea na praza do consistorio para revisar a maquinaria dos cidadáns de Triacastela.

Agás o día 10, que só atenderán en horario de mañá, o horario xeral será de 9.00 a 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 horas.

Para poder beneficiarse deste servizo, os veciños poden solicitar cita previa a través do teléfono 902 309 000 ou a través da páxina web [www.stcity.com](http://www.stcity.com).

## Lista a campaña de compostaxe doméstica

Os veciños de Triacastela xa teñen todo a punto para participar na campaña de compostaxe doméstica promovida polo Concello en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.

Esta iniciativa, enmarcada no Plan de recuperación, transformación e resiliencia e financiada pola Unión Europea-Next Generation, nace coa intención de promover a reciclaxe de residuos orgánicos e ensinar a sustentabilidade dos refugallos.

Os veciños xa teñen os seus contedores instalados para levar a cabo estas actividades grazas á formación que recibiron o pasado mes de decembro.

## Unha foto da localidade é candidata a ser a imaxe da páxina web da TIC



Unha foto do Concello de Triacastela na que se ve como a neve cubriu todo o territorio esta semana pasada é unha das candidatas de converterse na imaxe da páxina do Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo.

A antiga coñecida como TIC Lugo propón este concurso de participación pública e cidadá a través das súas redes sociais para dar a coñecer paisaxes da nosa contorna.

Así, o último día de cada mes subirán ás súas redes sociais varias fotos da provincia de Lugo e os participantes deberán votar a súa preferida, que será a imaxe do servizo audiovisual.

Neste mes de xaneiro, as candidatas foron a Fervenza da Seimeira de Vilagocende, da Fonsagrada; Illa Pancha, de Ribadeo; a neve de Triacastela e a Ruta das Chousas, do Concello de Lugo.

## A iniciativa 'Triacastela Xacobeá' acollerá catro paseos guiados a partir de xullo

O Concello de Triacastela aposta, outro ano máis, polos paseos do guía turístico lucense máis coñecido polo seu proxecto Guido Guía.

A través do Camiño Xacobeo e conxuntamente coa Xunta, o Concello ofrecerá catro saídas diferentes para os meses de xullo, agosto, setembro e outubro completamente gratuítas e para todos os públicos no marco da iniciativa 'Triacastela Xacobeá'.

O ano pasado esta iniciativa tivo grande éxito, xa que máis de 100 persoas de diferentes nacionalidades formaron parte do primeiro ciclo, unha gran oportunidade para descubrir e redescubrir as riquezas da localidade, desfrutar da natureza e de coñecer xente.

De feito, os catro paseos do ano pasado brindaron aos participantes a oportunidade de mesturar xente local e da provincia con visitantes de fóra, convertendo as andainas

nunha experiencia heteroxénea e de intercambio cultural.

Este ano, os paseos terán lugar os días 22 de xullo, 17 de agosto, 23 de setembro e 28 de outubro e nelles visitarase algúns dos lugares do primeiro ciclo, como a capela de San Mamede, os miradoiros, o Camiño Francés, o núcleo urbano e tamén haberá novidades e alternativas.

A hora de inicio dos paseos será ás 11.00 horas e terán unha duración de entre 2 e 3 horas e a dificultade dos paseos será media e media-baixa.

**INSCRICIÓN.** Para inscribirse nestes paseos hai que enviar un correo electrónico a [guidoguiaturismo@gmail.com](mailto:guidoguiaturismo@gmail.com) e confirmar a asistencia.

A alcaldesa, Olga Iglesias, convida a participar nesta experiencia que permitirá profundar no coñecemento do municipio e descubrir unha contorna chea de reclamos e sorpresas.

## A Feira volve os días 28 de cada mes con produtos locais

Volve a Feira en Triacastela que se celebra o día 28 de cada mes para reunir aos veciños do municipio nunha xornada caracterizada polo ámbito gastronómico.

Así, os asistentes poderán desfrutar de produtos típicos da contorna de Triacastela, tales como queixo con marmelo, embutidos típicos como os chourizos, a cachucha, o xamón e o lombo; as patacas e a marmelada.



**CEIP EDUARDO CELA VILA.** Dúas matronas do Colexio de Enfermería de Lugo, visitaron o CEIP Eduardo Cela Vila. Durante a xornada, amosaron aos nenos a importancia de coñecer e respectar o seu propio corpo a través de diferentes explicacións, xogos, lecturas e vídeos.

**Muévete a BigMat viñas**

982 530 060  
[www.bigmat.es](http://www.bigmat.es)

BigMat Viñas en el Polígono de San Julián de la Vega de SARRIA con más de 6.000m<sup>2</sup> de instalación en baños, bricolaje, electricidad, fontanería, herramientas, jardinería, materiales de construcción, pinturas y decoración.

Parking gratuito

**CAMBIAMOS HORARIO**

**ESTANCO LA SUERTE**  
(Antiguo Genin)

Rúa Matías López nº 4  
SARRIA  
Telf. 982 530 644

LUNES a SÁBADO  
horario interrumpido de 7,30 a 21,30 h.  
DOMINGOS: de 9 a 14 horas

Loterías • Prensa • Artículos de regalo  
Complementos para el peregrino

**PARA SERVIR MEJOR A NUESTROS CLIENTES**

## O servizo Coidados porta a porta ofrecerá atención aos maiores de 55 anos

Os vindeiros 14, 15, 16 e 17 de febreiro o servizo Coidados porta a porta da xunta estará en Triacastela dando servizo ás persoas do rural.

A unidade instalarase diante do centro de saúde do municipio durante catro días para ofrecer un servizo de podoloxía, audioloxía e estimulación de memoria ás persoas maiores de 55 anos. Para pedir cita previa ou ter máis información, pódese chamar aos números 622 748 283 ou ao 623 546 992.



## O Concello agasalla a conduta exemplar de dous veciños

O Concello de Paradela premiou a Rocío Domínguez, presidenta da Asociación de Mulleres de Paradela, e Rafael Fernández, Garda Civil de Portomarín, con dúas Medallas de Ouro de Paradela no Centro cultural Manuel Rodríguez López.

Ambas as dúas familias dos homenaxeados participaron deste acto, ofrecendo o seu apoio e cariño a cada un dos xa considerados heroes por atopar a dúas veciñas desaparecidas o 15 de decembro de 2021.

O alcalde do municipio, José Manuel Mato, destacou o labor dos homenaxeados pola súa colaboración e implicación na localización de dúas veciñas de Paradela (nai e filla, de 90 e 65 anos) que saíron en coche do seu domicilio e foron atopadas



horas despois desorientadas á beira do río Loio.

Mato tamén quixo destacar e recoñecer a todos os veciños que participaron na procura, e destacou, ademais, o importante papel que poden xogar as redes sociais e as tecnoloxías se

se utilizan adecuadamente.

Rocío Domínguez recibiu a medalla pola súa implicación publicando nas redes sociais a alerta. E Rafael Fernández, que aquel día estaba de vacacións, uniuse ao operativo para atopar ás dúas desaparecidas.

## O Concello ofrece tres prazas para exercer de peón de obras

O Concello de Paradela aprobou por resolución da alcaldía as bases para a selección de persoal laboral temporal mediante o sistema concurso-oposición para tres postos de peón de obras públicas, no marco do Programa Fomento de Emprego da Deputación de Lugo de conformidade co Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2022.

Esta colaboración materialízase a través da achega económica por parte da Deputación Provincial de Lugo dos custes salariais e da Seguridade Social dos traballadores contratados.

Os contratos de traballo concertanse cunha duración de 6 meses, rematando o 31 de outubro de 2023, e a xornada completa.

Os aspirantes a este posto de traballo deberán saber que a época do ano no que van traballar existen maior acumulación de tarefas en

relación ás obras ou servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como accións de conservación e mantemento de recursos naturais, accións de mantemento dos espazos públicos urbanos e conservación e mantemento de edificios, instalacións e vías municipais.

A solicitude facilitarase no Rexistro Xeral do Concello e estará dispoñible na páxina web do Concello e dirixirse ao alcalde do Concello de Paradela, no prazo de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (o 27 de xaneiro). Así, os interesados poderán solicitar este posto de traballo ata o vindeiro 8 de febreiro.

Entre os requisitos, está o requirimento de posuír o permiso de conducir tipo B e a acreditación da posesión do CELGA 2 de galego.

## O Dúo Dilema actuará na festa do Entroido organizada pola Asociación de Mulleres Rurais

A Asociación de Mulleres Rurais de Paradela organiza para o vindeiro 11 de febreiro unha actividade para socios e non socios con motivo da celebración do Entroido.

A partir das 21.30 horas os interesados en participar poderán achegarse ao mercado gandeiro de Paradela para desfrutar de música en directo da man do grupo musical Dúo Dilema.

Ademais do baile, haberá cea, polo que o prezo ascenderá a 10 euros para os socios e de 15 euros para os que non o son.

**ASOCIACIÓN.** O colectivo naceu en outubro do ano 2010 coa iniciativa de media dúcia de mulleres do Concello que foron as primeiras en



percatarse da necesidade real de interrelación entre a xente de diferentes lugares que forman as 18 parroquias do concello, que debido ás interminables labores de labranza e a dispersión da poboación estaban moi minguadas.

## A subdelegada visitou o colexio Ricardo Gasset

O alumnado no CEIP Ricardo Gasset do Incio recibiron a visita da subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, que participou nunha charla sobre os riscos das novas tecnoloxías impartida pola Garda Civil ao alumnado de 4º, 5º e 6º de Primaria, un dos 100 centros que colaboran no Plan Director do Ministerio de Interior.

Alí, acompañada do alcalde, Héctor Corujo, e da responsable do CEIP, Alba Vázquez, explicou que o obxectivo das actuacións programadas é responder a cuestións sobre seguridade que expoñen os escolares, profesorado e familias, adaptando as formacións ás ne-

cesidades de cada centro, "atendendo a situacións reais que viven os mozos e mozas no seu día a día para protexelos e axudalos".

Tamén destacou o "éxito de participación do Plan Director para a convivencia e mellora da seguridade nos centros educativos e ás súas contornas" da provincia de Lugo, con case 11.000 asistentes en máis de 330 actividades durante o ano 2022.

A subdelegada lembrou que, aínda que se recomenda programar as charlas no primeiro trimestre de curso, os centros poden solicitar participar no Plan Director en calquera momento do ano.

## A Charanga Ardores amenizará a festa do Entroido

O Concello do Incio celebra o Entroido o vindeiro 18 de febreiro, no que haberá un baile de disfraces na Praza de España a partir das 18.00 horas.

Este baile estará amenizado polo grupo musical da Charanga Ardores e haberá chocolate e doces de Entroido para os asistentes.

A partir das 22.00 horas será a cea con baile na sala multiusos do Concello organizada polo Festival Terra Brava.

Para asistir a esta festa nocturna, poderase conseguir as entradas na librería Garabato. Os nenos e nenas de menos de 11 anos poderán asistir de balde.

**CREADOS**

- PSICOPEDAGOGÍA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACION PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TECNICAS DE ESTUDIO

¡Infórmate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo  
27600 Sarria (LUGO)  
626 21 86 28

**ESO**

INFANTIL PRIMARIA

**LGESTEGA**

**OFICINA TÉCNICA AGROFORESTAL**

GESTIÓN CINEGÉTICA · PROYECTOS AGRÍCOLAS  
PROYECTOS FORESTALES · TOPOGRAFÍA  
GESTIÓN CATASTRAL · REPOBLACIONES FORESTALES  
ORDENACIÓN DE MONTES


Avenida Calvo Sotelo, 126 Entlo. B - 27600 Sarria (Lugo)  
Tel. / Fax: 982 886 487 - Móvil: 607 192 475



# COLABORACIÓN

## Creep

CULTURA



Rebeca Maseda

**R**adiohead e Coldplay son dúas das bandas de rock – “rock alternativo” para algúns e algunhas – máis icónicas da historia e, a título persoal, direi que son as miñas preferidas desde a adolescencia. Ámbalas dúas británicas, con cancións recoñecibles en medio mundo, con temas que encabeza- ron e encabezan as listas de grandes éxitos, con millóns de reproducións en todas as plataformas dixitais, con outros tantos millóns de discos vendidos, enchendo estadios aquí e acolá... Para moitas e moitos son considerados auténticos deuses e non hai dúbida de que ocupan un lugar privilexiado no olimpo da música rock.

Radiohead (Abingdon, Reino Unido, 1985) é considerada a banda de rock máis vangardista da música británica. O seu estilo, digamos unha especie de “grunge” elegante no seu primeiro álbum, “Pablo Honey” (1993), foi derivando cara a experimentacións electrónicas e improvisacións sonoras de evolución imprevisible.

Os cambios de rumbo da formación de Oxford xeráronse sempre desde o seu capital, a voz cantante de Thom Yorke. O grupo creouse nos anos de instituto, vínculo que os mantivo unidos sen moitas fisuras a pesar de converterse nunha banda de culto e ter que asumir o papel de icona cultural. Os seus primeiros concertos foron baixo o nome de “On a Friday” ata que os seus produtores animáronlles a mudar de pel.

Despois dalgunhas demos lanzaron en 1992 o EP “Drill”, que xa contiña algunhas das mellores cancións do que sería o seu álbum de de-



but. “Thinking about you” e “Prove yourself” facían de coro para o primeiro éxito de Radiohead: “Creep”, buque insignia de “Pablo Honey” que asombrou á crítica pola súa rabia e tenrura de guitarras ferintes e ruidosas xunto a remansos vocais de paz. Os ingleses, que pasaron case furtivamente por Sevilla presentando este disco, empezaron a atraer a mirada dun público heterodoxo que buscaba outros referentes musicais máis aló do encastado “brit-pop” de Blur ou Oasis. “The Bends” (1995), un disco completísimo no que aínda relocen as guitarras - co tema- zo “High and Dry” - supón un paso novo cara unha xeo-estación sen nome que despexará o seu rótulo en 1997 con “OK Computer”. Este álbum marca a trasfega da banda cara a territorios non explorados xogando con texturas musicais distintas, notas jazz electrónicas e cancións como “Paranoid Android” que deleitan por igual tanto ao crítico “de moderno” como ao usuario normal de emisoras.

Por se quedara algunha dúbida, Radiohead deixa ben clariño que son a banda de culto do novo século con “Kid A” (2000), onde indagan na súa música minimalista e alternativa. Aínda así, isto non lles impide seguir

encabezando as listas de vendas, percorrido que segue “Amnesiac” (2001) e “Hail to the thief” (2003) co seu tema máis dixerible en primeira escoita, “There there”.

Logo dunha necesaria pausa creativa, a banda de Yorke retorna á palestra facendo gala do seu espírito vangardista, colgando “In Rainbows” (2007) na internet e deixando que os compradores marquen o prezo. A revolución non espera e novas bandas imitan o recurso de Radiohead. Catro anos despois deciden repetir unha fórmula parecida con

“The king of limbs”, cuxo primeiro anti-single, “Lotus flower”, volve despexar a pista do éxito á banda de Oxford.

Para poñer punto final a esta viaxe polo universo Radiohead, quixera lembrar a modo de homenaxe persoal o retrouso de “Creep”, palabras que todas e todos temos sentido como propias en máis dunha ocasión...

But I’m a creep Pero son insignificante I’m a weirdo Son un “bicho raro”

What the hell am I doing here? Que diantres estou facendo eu aquí!? I don’t belong here Se non pertenzo a este lugar

## Paixón por ensinar

O PUPITRE



Julio Díaz

**A** paixón (do verbo latino “patior” que significa sufrir ou sentir) é unha emoción definida como un sentimento moi forte cara a unha persoa, tema, idea ou obxecto. Así, a paixón, é unha relación intensa que engloba o entusiasmo e o desexo por algo. Esta é unha definición que dela fai a Wikipedia, pero a paixón no ensino é algo máis.

Os procesos educativos son cambiantes, dinámicos e deben ser variados cada día. Nos, os docentes, non podemos nin debemos movernos exclusivamente no ámbito do cotián e rutineiro. De feito, é de todo necesario adaptarnos ás novas necesidades e ferramentas que pouco a pouco van xurdindo. Pero así e todo con isto non chega porque o realmente importante é traballar con paixón o discurso, optimizando deste xeito o máximo os procesos e estratexias.

As persoas que nos dedicamos a ensinar temos nas nosas mans unha das profesións máis cativadoras e enriquecedoras do mundo, pero ocorre que, os múltiples atrancos que habitualmente nos atopamos no noso traballo diario acaban minando o noso entusiasmo. Pero contra isto temos a nosa paixón, o combustible que pon en marcha a motivación daquilo que de verdade queremos realizar. Todas as persoas que transmitimos coñecementos, construímos valores e desenvolvemos personalidades, realmente vivimos intensamente este crecemento dos nosos alumnos. Todo isto conséguese expondo constantemente retos e desafíos, con toda a problemática

que isto conleva, pero a recompensa sempre merece a pena. A vocación é a base que precisamos todos os que queremos dedicar a nosa vida á nobre tarefa de educar. O exercicio do maxisterio é un modo de darse, de entregarse aos demais e, por iso mesmo, é un dos camiños máis dignos que ten o ser humano para acadar a felicidade tanto no pasado como no presente.

O docente é un ser humano e non un mero transmisor de coñecemento; é unha persoa que a cotío ten que estar a discernir entre o que debe comunicar e o que non procede, tendo sempre como referente o ben dos seus rapaces. O vínculo educativo esixe, por parte do docente, vontade e capacidade de comunicar, sempre dun xeito adecuado, tendo en conta os intereses dos seus alumnos, a súa linguaxe, o seu mundo, pero esixe ademais, por parte destes, vontade de aprender e capacidade para elo. O noso obxectivo esencial será espertar e avivar o seu desexo de aprender, meta, por certo, nada doada de acadar.

Non se nace docente, o docente faise, constrúese na medida en que comunica unha e outra vez o aprendido, pero cada repetición é distinta, inclúe novas estratexias e elementos, de tal maneira que a repetición non é unha simple reiteración do mesmo, nin un círculo vicioso que volve unha e outra vez sobre si mesmo dun xeito inquebrantable. O docente debe adaptar sempre o seu discurso ao público que ten diante, ese é o éxito. A miña preocupación como docente polo tanto sempre foi a mesma: “CONTACTAR”, sí, con maiúsculas, facer un todo da aula, evitar que nada se interpoña entre o que quero comunicar e o que debe recibir o receptor.

Como cada docente posúe o seu propio estilo educativo, os alumnos, ao longo da súa formación, reciben estes diferentes e variados estilos de tal maneira que esta pluralidade é educativa por si mesma. Evidentemente, as comparacións entre os rapaces son inevitables, pero a riqueza dunha comunidade educativa está precisamente nesta pluralidade de talentos e métodos que conviven nela, tendo sempre en conta que a humildade e a confianza son os valores esenciais para que flúa toda acción educativa.

**PINTOR**

PINTURAS - BARNICES  
PERSIANAS  
PAPEL PINTADO  
TARIMA FLOTANTE  
659 767 936

HOGAR  
CORTINAS - STORES  
RIELES  
ALFOMBRAS  
EDREDONES  
C/ Benigno Quiroga,  
93-95, bj - 982 533 497  
SARRIA (Lugo)

PINTURAS HOGAR  
**LATAS**  
tel.: 659 76 79 36

**Vazquez Autos**

Rúa Matias López, 126  
27600 - SARRIA (Lugo)  
Tel. / Fax: 982 530 707  
Móvil: 669 199 533  
vazquezautos@hotmail.com

**pelayo**  
Agente Exclusivo



# DEPUTACIÓN

## Esixen á Xunta que reforce as axudas ós produtores en ecolóxico

A Deputación de Lugo esixe á Xunta de Galicia que reforce a partida de axudas para os produtores en ecolóxico da provincia para que se cubran a totalidade das solicitudes. Así se acordou tras unha moción presentada polo PSdeG no Pleno ordinario do mes de xaneiro, que saíu adiante por unanimidade.

O deputado de Recursos Sostibles, Roberto Fernández Rico, lembrou que se denegaron a metade das axudas ós produtores ecolóxicos “e non se move nin unha follá”. Unha situación “provocada”, que segundo explicou “sitúa a un amplo número de produtores ó borde do peche das súas explotacións” e pola que “nos vemos na necesidade de volver a demandar sensibilidade á Consellería de Medio Rural”.

Fernández Rico expuxo que, dos 318 produtores que quedaron sen axudas, o 54% dos que a solicitaron, 159 pertencen á provincia de Lugo. “Na maioría dos casos, familias que se introduciron a producir con responsabilidade polas normas que nos marcan dende Europa” e que é unha obriga da Xunta “favorecer a aqueles que queren adaptar a súa forma de producir ó respecto e coidado medioambiental”. Incidiu o deputado na gravidade das consecuencias, que poderían traducirse no abandono e peche das producións ecolóxicas pola “desvantaxe respecto ás producións convencionais”.

No debate, Roberto Fernández recalco que as organizacións agrarias “tiñan sinalado xa en novembro do ano pasado que serían precisos arredor de 5,6M€ para cubrir a totalida-



de das axudas, cando a Xunta só tiña prevista unha partida de 3,1M€”. Lamentou tamén a resposta da Consellería de Medio Rural, culpando da situación ós produtores e ás produtoras, polo feito de que se terían incrementado as hectáreas rexistradas neste réxime, que terían pasado das 7.400 no ano 2021 a 12.400 no 2022. “Non se entende como tendo a sorte en Galicia de que se incremente por vontade dos produtores a superficie certificada de ecolóxico ata as 12.000 hectáreas, a Consellería de Medio Rural dea as costas e non trate de acadar acordos para ver as posibles solucións”, lamentou. Neste sentido, puxo tamén sobre a mesa que a Consellería de Medio Rural ten un orzamento para o 2023 de preto de 680M€, sinalando que, polo tanto, non é unha cuestión de falta de recursos, senón de “vontade política”.

Argumentou que a agricultura ecolóxica é unha liña de futuro para o sector, pero tamén unha importante aposta para fixar poboación no rural, lembrando que o obxectivo da Unión Europea (UE) para o ano

2030 é que o 25% da agricultura comunitaria sexa ecolóxica, polo que a boa resposta dos produtores galegos “debería de ser un motivo de satisfacción para a Xunta, e non un problema”.

Fernández Rico sinalou que en Lugo “se atopa o 50% da superficie que Galicia destina a agricultura ecolóxica. Temos case ó 38% dos produtores galegos, o 21% de operadores e somos a provincia que xera o 32% das vendas neste sector” e incidiu no compromiso da Deputación coa defensa do sector primario. “Un sector que aporta riqueza ó PIB, xera emprego e axuda a fixar poboación no rural”, sinalou, e apuntou que “prexudicar á agricultura ecolóxica equivale a comprometer o futuro da nosa provincia”.

Por todo isto, a institución provincial insta ó Goberno autonómico a completar estas axudas para o ano 2022 ata acadar os 5,6M€, incrementar o orzamento destinado para as axudas das producións ecolóxicas para cada ano do período 2023-2027 e tamén dotar ás decisións que afecten ó sector de transparencia e publicidade.

## Presentan en Fitur a campaña Lugo, provincia románica



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presentou no stand de Galicia na Feira Internacional de Turismo (Fitur) a nova campaña de promoción turística lanzada pola institución provincial, Lugo, provincia románica, coa que dá un novo paso na súa estratexia para impulsar o turismo de calidade e sostible. Así o explicou Tomé Roca na presentación deste mediodía, na que estivo acompañado polo protagonista da campaña, o actor Chechu Salgado, natural de Goya ao Mellor Actor Revelación no 2022.

O promocional da Deputación, tal e como relatou o propio actor sobre o escenario de Fitur, amosa a viaxe sensorial de Chechu Salgado pola provincia. Un audiovisual no que a paisaxe e o rico patrimonio do territorio acompañan ao intérprete para compartir cos espectadores a experiencia única que viven os visitantes que escollen Lugo como

destino turístico.

Sobre a iniciativa da Deputación, o presidente explicou que “este ano optamos polo románico como fío condutor da nosa proposta”. Sinalou que “Lugo é unha das provincias españolas nas que este estilo, ligado ao Camiño de Santiago, deixou maior número de monumentos. Unha concentración que sitúa a zonas como a Ribeira Sacra entre os grandes polos do románico a nivel de toda Europa”.

“Aproveitando toda esta riqueza, apostamos por un turismo non masificado, personalizado, no que cada turista deseña a súa propia experiencia, que elixa cales dos centos de templos e mosteiros repartidos pola nosa provincia quere visitar”, apuntou José Tomé, que sinalou que “para facilitar esta labor, desde a Deputación preparamos xa diferentes rutas do románico pola provincia e publicamos guías actualizadas sobre este patrimonio que están tendo gran acollida”.



**ESPECIALISTAS EN REFORMAS Y REHABILITACIONES**

- CUBIERTAS DE PIZARRA
- COLOCACIÓN DE PIEDRA
- ESTRUCTURAS DE NAVES
- EXCAVACIONES Y TRANSPORTES
- OBRA NUEVA

LG. VILAMEA, 2 - 27619 SARRIA - TFNO.: 616 212 698



**ARQUITECTO TÉCNICO**

OFICINA TÉCNICA ARQUITECTURA  
XOSÉ BRAIS PEREIRO CHAOS  
arquitecto técnico

- PROYECTOS TÉCNICOS / DIRECCIONES DE OBRA
- COORDINACIONES DE SEGURIDAD Y SALUD
- CERTIFICACIONES / INFORMES
- TRABAJOS TOPOGRÁFICOS
- ASESORAMIENTO TÉCNICO EN CONSTRUCCIÓN
- URBANISMO

SARRIA (LUGO) T: 676 559 980



# DEPORTES

## A volta ciclista O Gran Camiño chega á comarca a finais de mes de febreiro



Sarria será o punto final da volta ciclista profesional O Gran Camiño, que por segundo ano traerá a Galicia o mellor ciclismo internacional, co patrocinio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e que se celebrará o vindeiro 23 de febreiro.

Coa Muralla e o Camiño Primitivo como pano de fondo, a cidade será a saída dunha etapa, a primeira desta volta, que culminará en Sarria, punto de referencia do Camiño Francés. Efrén Castro sinalou a “capacidade que ten o ciclismo para mostrar o noso país” e enmarcou, nese contexto, “a decisión sobre o percorrido, que ten como referencia dous puntos

icónicos, como son a Muralla de Lugo e o Camiño Primitivo, na saída, e Sarria, referente do Camiño Francés, na chegada”.

O Gran Camiño, que a pasada edición pechou cunha contrarreloxo en Sarria, permitiu o ano pasado que as paisaxes galegas chegasen a millóns de espectadores de todo o mundo a través das súas canles de difusión e, principalmente, da emisión de Eurosport, constituíndo unha auténtica xanela ao mundo para Galicia. Tamén nas estradas, devolveu aos galegos a posibilidade de gozar dunha volta ciclista profesional anos despois da última Volta a Galicia destas características.

## Volta á competición

Por Adrián Fernández.

Boa volta á competición por parte do CB Sarria mantendo ou incluso mellorando o rendemento en tódalas categorías en xeral, pese ao parón polas vacacións de navidade.

Comezando pola categoría premini o Fisioterapia Ivonne Castro feminino mantén o primeiro posto con 7 vitorias e ningunha derrota tras gañar os dous partidos xogados fora da casa, mentres que o Cementos Cosmos baixou ao 5º posto tras perder dous dos tres partidos xogados e quedar con 3 vitorias e 4 derrotas; na categoría masculina o Corbar Sarria mantívose no grupo A, pese a derrota no derradeiro encontro, e comezou con vitoria a seguinte volta mentres que o María Martínez dental tamén comezou con vitoria pero esta vez no grupo B tras conseguir subir despois de gañar ao Rosalía de Castro.

Na 1ª División Mini feminina as de Sarria manteñen a primeira posición despois de gañar un e perder o outro partido xogado en xaneiro, mentres que na 1ª Mini masculina baixaron á 3ª praza tras perder os dous partidos deste ano.

Na categoría infantil, o Pre-Infantil feminino sube ao segundo



posto despois de gañar os dous partidos e poñerse cun récord de 5-1, pola parte do infantil masculino, manteñen o segundo posto gracias as dúas vitorias conseguidas tras perder en Lugo no primeiro encontro do ano.

Os dous equipos cadetes seguen igual o cadete feminino añadiu dúas vitorias máis ao casilleiro (7-1) e mantén o primeiro posto empatadas con Cidade de Lugo e o cadete masculino segue no 3º posto con 6-3 tras gañar un e perder o outro partido deste mes.

Na 2ª Junior masculina subiron ao terceiro posto despois de conseguir dúas vitorias, unha de elas contra o Cidade de Lugo, equipo co que está empatado nesa posición, e o equipo feminino, estas na 1ª División no consiguen arrancar e cose-

charon dúas derrotas máis que as deixa na última posición aínda que teñen 3 partidos menos que as de Maristas Coruña.

Xa na categoría Senior o Floristería Madeira feminino conseguiu un balance de 2-1 a favor que as mantén no 6º posto nun cuádruple empate con Baloncesto do Lea, Laracha e Artai, este último cun encontro menos, mentres que o MGR Sarria masculino levantou a cabeza despois da derrota en Vilalba e gañou os tres partidos de xaneiro, o último importantísimo contra Arteixo que deixa aos dous equipos na primeira praza nun triple empate xunto co Calvo Artai cun récord de 8-3. Quedan moita competición aínda, pero as cosas marchan ben para o CB Sarria no comezo do novo ano.

## Os gañadores da Milla Urbana recibiron o seu peso en produtos

O alcalde de Sarria, Claudio Garrido, o concelleiro de Deportes, Félix Seijas, e a concelleira de Festas, Mª Eugenia Valcárcel entregaron os premios aos gañadores da Milla Urbana, que tivo lugar o pasado 31 de decembro no municipio.

Neste certame participaron 140 persoas entre as que destacaron Jorge García Cabanas, gañador na cate-

goría masculina, e Carla Díaz Pardo, gañadora na categoría feminina.

O premio que lles corresponde a cada un deles é o seu peso en produtos cárnicos e porcinos sarriaos. En total, foron 127 quilogramos de chourizos, cachuchas, lacón e xamón que se repartiron en 51 quilogramos para Carla Díaz e 76 para Jorge García.



## Os clubs poden pedir as axudas da Xunta

O DOG publicou a orde pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas, seccións deportivas e núcleos de adestramento especializado de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas, e se procede á súa convocatoria para este 2023. Así, xa poderán solicitar as súas axudas que terán un orzamento global de 2 millóns de euros distribuídos en dúas liñas de axudas.

Por unha banda, 1.910.003 euros para o desenvolvemento de actividades deportivas polos clubs, sociedades anónimas e seccións deportivas e os case 90.000 euros restantes a núcleos de adestramento deportivo especializado (NADE). A axuda máxima por entidade beneficiaria 10.000 euros, na primeira liña, e 29.999 euros na segunda.

Como protagonistas da segunda liña de axudas, os NADE regulan o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base.

**STIHL**

OFERTAS OTOÑO 2022

EL OTOÑO EMPIEZA CON STIHL

LA GAMA MÁS COMPLETA Y EL MEJOR SERVICIO

**Ferretería Sarria**

Pedro Saco 33, Sarria. Telf. 982 532 202

**Peluquería Isolina**

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela

617 403 579



# “Xogar ao pádel é unha actividade divertida e cun compoñente social”

Juan Bautista García Díaz, xogador e promotor do Club Pádel Sarria

## Canto tempo leva xogando?

Levo xogando ao pádel desde o 2016 e dentro do club desde a súa fundación no ano 2022, este é o noso segundo ano. Como antes non había instalacións adecuadas en Sarria, tiñamos que competir con outros equipos da contorna de Lugo. Ese foi un dos motivos que me levou a arriscar e abrir unhas instalacións en Sarria que nos permitisen ter equipos e competir no noso pobo sen ter que saír fóra.

“Xogamos os de Sarria contra os da Coruña”, entón á xente éntalle o formigo e achégase a ver.

## Que percorrido tivo o club?

Temos equipo feminino e masculino. Tentamos facer dous masculinos, pero a última hora o 2º equipo non foi posible por falta de xogadores. As rapazas empezaron a súa andadura en 3ª División Galega e fixeron unha actuación impecable, quedando na metade da táboa.

tegoría da Liga Galega, onde xa nos enfrentamos con equipos da Coruña e Santiago. Despois, no ámbito das SNP tamén acadamos o título de liga e un merecido ascenso de categoría a Primeira División do grupo 500. Quedamos subcampións do norte de Galicia nun encontro que se nos foi por moi pouquiño contra Burela Pádel. E en xaneiro tamén disputaremos este playoff para poder optar a unha praza para ir á final nacional en Valencia.

## Como é xogar ao pádel?

É un deporte no que te divertes desde o primeiro momento. É un deporte para todas as idades e condicións físicas. Necesitas unhas condicións físicas normais, si que é certo que se vas subindo de nivel, xa son deportistas profesionais, pero a nivel afeccionado xoga xente de todas as idades. E como a nivel afeccionado a forma física non ten tanta importancia, hai xente de 60 anos que xoga con rapaces de 20, incluso gañan con moita facilidade. O que si ten que ser, é que os 4 que están xogando teñen que reunir as mesmas condicións físicas e técnicas. Pero é un deporte que, para empezar a pasalo ben, non necesitas unha gran preparación e é sinxelo.

## Que beneficios supón a nivel colectivo?

É un deporte que é moi sociable. O simple feito de xogar catro persoas xa fai que sexa un deporte cun compoñente social. Coñeces moita xente porque o que hoxe é rival, mañá xoga de compañeiro teu. Como son catro xogadores ou incluso mixto, é doado montar un partido. Noutros deportes como o baloncesto xa necesitarías como mínimo dez persoas. Tamén está moi arraigado o tomar algo despois do partido, é o que se coñece como cuarto set. Por iso nas instalacións adoita haber cafetería. É un deporte que favorece a comunicación entre persoas de idades moi distintas. Ademais, no pádel é moi



común que despois de cada enfrontamento o club local invite a uns pinchos ao equipo visitante.

## Contra quen compiten?

Galicia divídese en zona norte e sur. Competimos contra equipos da provincia de Lugo e Coruña. E se te clasificas, despois xogas un playoff contra os equipos do sur para determinar o campión galego, que á súa vez representa a Galicia na Final Nacional.

## Que nos pode dicir da afección?

A verdade é que no pádel non adoita haber moita afección vendo os partidos, só a nivel profesional.

## Que eventos organizan?

Organizamos torneos e campionatos aos que vén xente doutros puntos de Galicia a xogar. A única diferenza entre o equipo masculino e o feminino é que hai máis participación masculina, pero nada máis.

## Como hai que apuntarse?

Teñen que pasarse polas instalacións do club, no Polígono do Morelle, ou falarnos por Whatsapp, Facebook ou Instagram. Non necesitan comprar nada, nos dámoslles todo para poder empezar. Só se necesita roupa deportiva e ganas de pasalo ben.

## De que logros se sinten máis orgullosos?

Do bo ambiente que hai no club,

do compromiso da xente co equipo tanto no feminino como no masculino e a nivel deportivo, no apartado feminino a clasificación para a Final Nacional da Liga LAPI, e no masculino de lograr o ascenso o primeiro ano que debutamos.

## Como se presenta a tempada?

O equipo feminino este ano xa ten máis experiencia coas fichaxes que fixo optan ao ascenso. E o equipo masculino intentará pelexar polo ascenso novamente.

## Que proxectos hai de cara ao futuro?

Seguiremos coa escola deportiva para os nenos, para que sigan saíndo xogadores/as de pádel en Sarria. Estamos traballando e faríanos moita ilusión que o número de practicantes femininas se equiparase co masculino.

## E necesidades?

Pois como case todas as entidades deportivas: a necesidade básica adoita estar relacionada co orzamento.

## Contan con axuda para manter o club activo?

Desde o Concello déronnos o ano pasado unha axuda que estamos enormemente agradecidos, e contamos tamén con axudas de empresas locais.



## Como se formou o Club?

Todo isto empezou da man do noso socio, Juan José Bellas. El leva xogando case 30 anos, pero principalmente en Lugo. No ano 2013 apostou por unha pista de pádel en Sarria. Pero para competir a nivel Federativo necesitas 3 pistas e vestiarios, todo no mesmo recinto. En 2017 entramos nós de socios, eu máis a miña muller, e foi como un aire fresco que trouxo un cambio xeracional, xa que somos rapaces de 30 anos que nos gusta o pádel, pero que viñamos de outros deportes e tiñamos un afán de competir. Non só de xogar cos amigos pola semana, senón de facer equipo cos nosos amigos e competir contra outros equipos de toda Galicia. Empezamos xogando con equipos de Lugo e despois do parón da Covid19, dimos o paso para ter un Club en Sarria. Así que, con moita ilusión e tamén dúbidas, decidimos dar un paso á fronte e no ano 2022 naceu o Club Pádel Sarria.

## Por que?

Polas ganas que tiñamos de poder xogar no noso pobo sen ter que xogar noutros equipos da provincia. E xa de paso, ao xogar aquí, a xente empeza a escoitar o tema do pádel e cada vez interésase máis, achéganse un día para ver como se xoga e acábanse apuntando. Cando pertences a un equipo de Lugo ninguén se decata, pero cando dis:

Sendo o primeiro ano que competían, fixeron una actuación estelar. Iso dentro da Liga da Federación Galega de Pádel. Noutra competición que hai, que se chama Liga Lapi, (Liga Amateur de Pádel Internacional) as nosas rapazas quedaron campioas da provincia de Lugo na súa categoría e clasificáronse para a Final Nacional despois de derrotar nas eliminatorias da zona norte a dous equipos de Asturias. Tamén compiten nas SNP (Series Nacionais de Pádel) e conseguiron este ano ascender de división. E agora a finais de xaneiro van disputar o playoff na Coruña contra equipos de todo o norte de Galicia. Dentro do equipo masculino, logramos gañar a Liga da nosa categoría e conseguimos clasificarnos para o playoff de ascenso, o cal gañamos e ascendemos a 3ª ca-

**CBD MEDICINAL ECOLÓGICO**

Especialistas en el dolor de huesos, músculos, fibromialgia, cáncer, varices...

SIN EFECTOS SECUNDARIOS

COMPRUEBALO POR TI MISMO

Rúa Calvo Sotelo 95. Sarria- Lugo  
Telf. 982 530 232

**CARPINTERÍA METÁLICA**

**CAMIÑO FRANCÉS**

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)  
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270  
caminofrances.aluminios@gmail.com



## A MAXIA DAS PARROQUIAS

# San Mamede da Chanca

## Unha parroquia pequena que conta cun gran patrimonio eclesiástico

**A** Chanca é a parroquia de Sarria situada ao sur da vila, que linda coas parroquias de Santa María de Albán e Piñeira ao norte, con San Pedro de Froián ao leste, ao sur con San Xulián de Chorente e ao oeste con San Miguel de Piñeira. A súa superficie é de aproximadamente 2,8 quilómetros cadrados, nos que viven actualmente 30 persoas, 6 menos que en 2021 e 27 menos que hai 30 anos, como se establece nos rexistros.

Segundo o Dicionario Madoz, esta parroquia está situada nun paraxe elevado con boa ventilación e cun clima frío e húmido. Tamén fala do terreo, do que di estar cuberto de carballos, castiñeiros e outras árbores froiteiras; e do camiño que se dirixe a Sarria, con lugares limítrofes en mal estado.

Na Chanca hai catro explotacións en activo de gando vacún e porcino e os veciños cultivan centeo, patacas, millo, liño, castañas, nabos, herbas e pastos.

Ao ser unha parroquia pequena, non conta con centros deportivos nin escolas. As persoas que viven nela traballan na comarca de Sarria e os nenos e nenas van ao colexio público Antonio Fernández López do Oural. Como ten pouca entidade fai que se deixasen de celebrar as tradicionais ruadas, que ás veces se organizaban.

Nela podemos atopar o Monte de Tribuí, que ten 642 metros de altitude, e o Monte da Valiña, aínda que tamén pasa por esta parroquia o río Celeiro, que

recolle as augas do rego de Barbado e baixa desde Santa Icí, dos regos de Teilonxe, Laxe, Piadoso e das Lagas.

Para chegar ata ela hai que ir pola estrada de Nadela a Ourense a través dunha pista que está na Valiña. Hai varios ramais ás casas e hai unha vía para acceder tamén á parroquia de San Miguel de Piñeira.

**A IGREXA DE SAN MAMEDE.** A igrexa parroquial inclúe o templo e un cemiterio no adro. É un templo de construción moderna, de cruz latina formada por dúas capelas laterais. Contén catro arcos con bordos, capelas laterais e unha nave que soporta a parte máis elevada do templo, unha cuberta a catro augas, que parece destinada para cúpula. A fronte ten unha porta con dinteis e dúas fiestras laterais e outras dúas fiestras sobrepostas, un óculo e unha torre de cemento. O pórtico interior, de acceso, está formado por dúas pilastras para apoiar a torre e o presbiterio está á altura da nave, mentres que a sancristía sitúase na parte posterior.

No seu interior conserva un retablo neogótico e tallas de San Mamede, San Francisco de Asís, Santo Antonio e San Roque. Todas elas pertencen ao século XVII. A escultura de San José corresponde a un século posterior. Todo o templo está revocado de cal, agás as parte máis nobres que son de granito. Nunha das xanelas hai unha inscrición que relata "1878 SIENDO PARROCO DON JOSE RODRIGUEZ

TRIBUI".

**HISTORIA DA PARROQUIA.** Durante a Idade Media, a igrexa parroquial de San Mamede foi unha das casas maiores vinculadas ao mosteiro de Santiago de Barbado, aínda que despois acabou dependendo do convento de Samos. Tamén formou parte do Condado Sarriense, e máis adiante do Condado de Froián, integrándose máis adiante no Condado de Sarria.

En 1753, en plena Idade Moderna, a freguesía era de señorío particular da Condesa de Lemos, Marquesa de Sarria, e por esa razón percibía dos veciños leigos do Estado Xeral, que tiñan xugada de labranza, a Renda de Fanezas e servizos, e que lle producía en cada un ano quince ferrados de centeo e once reais vellón.

A parroquia estaba no Arciprestado de Sarria e formaba curato con San Xulián de Chorente e

San Sadurniño de Froián, sendo de provisión laical da Casa de San Sadornioño.

Xa na Idade Contemporánea formou parte do Partido de Froián da Xurisdición e Marquesado de Sarria e en 1818 intégrase na

"Xunta de Pobo de Sarria" e no 1820 no Concello de Sarria.

O edificio relixioso foi obxecto de estudo por parte de Elías Valiña Sampedro, un dos maiores impulsores do Camiño de Santiago.



**Audio Sarria**

**CENTROS AUDITIVOS**

Nº de Registro Sanitario: E-27000398



RECARGABLES



A MEDIDA

**AUDÍFONOS SIEMENS**



**signia**



**FINANCIACIÓN  
hasta 18 meses  
sin intereses**

- Pruébelos **SIN COMPROMISO**
- Revisiones **GRATUÍTAS**
- Super Garantía hasta **5 AÑOS**

**\*DESCUENTO HASTA EL 15% EL MES DE FEBRERO**  
\*Descuento según la gama del audifono